Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 7 votos a favor, 3 votos en contra e 2 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Continuar no apoio do noso sector lácteo mediante o mantemento das medidas e axudas xa implantadas.

2. Manter o seu papel activo na defensa do sector lácteo, tanto no ámbito nacional coma no da Comunidade Europea.»

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 4522 (10/PNC-000433)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio, e dous deputados/as máis

Sobre a posta en marcha polo Goberno galego do Plan de xestión do lobo no ano 2017
BOPG nº 66, do 15.02.2017

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a revisar e actualizar o Plan de xestión do lobo, e a afondar na execución do Plan do lobo de 2009, no ano 2017.»

- 6034 (10/PNC-000596)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis, e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas necesidades de persoal cualificado existentes nas explotacións gandeiras de vacún de leite, así como de formación específica para as persoas propietarias en materia de xestión de equipos e tarefas

BOPG nº 83, do 15.03.2017

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

— Manter a interlocución necesaria cos sectores de vacún de leite e carne para diagnosticar as necesidades en materia de formación en traballadores e traballadoras así como formación tamén específica para persoas propietarias das devanditas explotacións.

— Reforzar a formación específica para os gandeiros e gandeiras así coma para o persoal asalariado das explotacións de leite e carne.»

Rexeitamento da iniciativa

- 6842 (10/PNC-000695)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla, e cinco deputados/as máis

Sobre a elaboración pola Consellería do Medio Rural das alegacións correspondentes para frear e desestimar os permisos de investigación e extracción de seixo solicitados por Erimsa nos concellos de Mesía, Oroso, Ordes e Frades, co fin de protexer as terras agrarias afectadas e os postos de traballo que xeran

BOPG nº 92, do 29.03.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 6937 (10/PNC-000704)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David, e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para permitir, de xeito excepcional, o pastoreo nos terreos afectados polos incendios forestais

BOPG nº 92, do 29.03.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 17 de abril de 2017

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2ª

4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

Corrección de erros na publicación, no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia número 85, do 17 de marzo de 2017, do prego de cláusulas administrativas da contratación administrativa para a subministración dun automóbil en réxime de arrendamento sen opción de compra (renting)

Advertido un erro material na publicación do prego de cláusulas administrativas desta contratación administrativa, procédese á súa corrección:

Na páxina do 19696, no anexo IV, onde di: «Modelo de proposición (Sobre B)», debe dicir: «Modelo de proposición (Sobre C)».

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2017

Xosé Antón Sarmiento Méndez

Letrado oficial maior

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 122 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Proposición de lei de modificación da Lei 1/2017, de 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017**.

Exposición de motivos

A Lei 1/2017, de 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, regula no seu artigo IV as operacións de endebedamento da Comunidade Autónoma.

De acordo co establecido na *Ley Orgánica 2/2012 de estabilidad presupuestaria y sostenibilidad financiera* :

No primeiro semestre de cada ano, o Goberno, mediante acordo do Consello de Ministros e previo o informe do *Consejo de Política Fiscal y Financiera de las Comunidades Autónomas* e da *Comisión Nacional de Administración Local*, fixará os obxectivos de estabilidade orzamentaria, en termos de capacidade ou necesidade de financiamento e o obxectivo de débeda pública referidos aos tres exercicios seguintes, tanto para o conxunto de Administracións Públicas como para cada un dos seus subsectores. Dichos obxectivos estarán expresados en termos porcentuais do Produto Interior Bruto nacional nominal.

O acordo do Consello de Ministros incluírá o límite de gasto non financeiro do orzamento do Estado. Para la fixación do obxectivo de estabilidade orzamentaria terase en conta a regra de gasto e o saldo estrutural alcanzado no exercicio inmediato anterior.

O Consello de Ministros do 2 de decembro de 2016, con posterioridade á celebración do *Consejo de Política Fiscal y Financiera (CPFF)* o día 1 de decembro de 2016 acordou unha nova marxe de déficit do que a Comunidade Autónoma de Galicia pode dispor, superior á tomada na elaboración da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, e que se fixou no 0.6 % do PIB.

En a aplicación do artigo 12.4, da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, non é preciso modificar o límite de gasto aprobado polo Consello da Xunta e ratificado polo Parlamento de Galicia, en sesión plenaria do 23 de novembro de 2016.

Artigo único: Modificación da Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia

1. Modificación do artigo. 2.Un, que quedará redactado co seguinte texto:

Artigo 2. Un.- Nos estados de gastos consolidados dos orzamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma, dos seus organismos autónomos e das súas axencias públicas autonómicas consígnanse créditos por un importe de 10.862.141.172 euros distribuídos da forma seguinte:

	Cap. I-VII Gastos non financeiros	Cap. VIII Activos financeiros	Cap. IX pasivos financeiros	Total
Administración xeral	4.734.186.971	94.407.569	1.590.182.345	6.418.776.885
Organismos autónomos	3.711.558.816	14.148.867		
Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento	1.864.004			1.864.004
Axencias públicas autonómicas	658.696.252	39.100.000	17.996.348	715.792.600
Total	9.106.306.043	147.656.436	1.608.178.693	10.862.141.172

As transferencias internas entre os orzamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma, dos organismos autónomos e das axencias públicas representan 4.212.436.513 euros, distribuídos segundo o seguinte detalle:

ORIXE	DESTINO			
	Organismos autónomos	Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento	Axencias públicas autonómicas	Total
Administración Xeral	3.528.407.707	1.863.804	662.640.655	4.192.912.166
Organismos Autónomos			19.524.347	19.524.347
Total	3.528.407.707	1.863.804	682.165.002	4.212.436.513

2. Modificar o artigo 2. Dous, no cadro. Función . 31 e Total.

“Función 31, Acción social e promoción social. 730.324.766 e Total 10.862.141.172”

3. Modificar o artigo. 2. Tres, de xeito que no cadro se modifique o importe correspondente a:

“Consellería de Política Social no Cap. IV 375.044.895; o Total da Consellería de Política Social, 704.512.927; o Total da Administración Xeral no capítulo IV, 4.741.501.621 e o Total da Administración Xeral, 10.611.689.051.”

4. Modificar o artigo. 2. Catro, que quedará redactado co seguinte contido:

“Catro.- Nos estados de ingresos de ingresos dos orzamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma, nos dos seus organismos autónomos e nos das axencias públicas autonómicas recóllense as estimacións dos dereitos económicos que se prevén liquidar durante o exercicio, por un importe consolidado de 10.862.141.172 euros distribuídos da seguinte forma:

	Cap. I-VII Ingresos non financeiros	Cap. VIII Activos financeiros	Cap. IX pasivos financeiros	Total
Administración xeral e órganos estatutarios	8.507.851.718	22.179.632	2.081.657.701	10.611.689.051
Organismos autónomos	216.169.323	655.000		216.824.323
Axencias públicas autonómicas	200			200
Axencias públicas autonómicas	16.625.464	7.002.134	10.000.000	33.627.598
Total	8.740.646.705	29.836.766	2.091.657.701	10.862.141.172

5. Modificar o artigo 35. que quedará redactado co seguinte texto:

“Artigo 35.- Operacións de endebedamento por prazo superior a un ano

Un.- A posición neta debedora da Comunidade Autónoma poderase incrementar durante o ano 2017 nunha contía máxima equivalente ao 0,6 por cento do produto interior bruto da Comunidade Autónoma.

Para estes efectos, tomarase a posición neta debedora de todos os organismos autónomos, axencias públicas autonómicas e demais entidades instrumentais de calquera condición que, conforme a normativa aplicable en materia de estabilidade orzamentaria, estean incluídos dentro do sector das administracións públicas e consoliden o seu endebedamento co da Comunidade Autónoma consonte as normas do Sistema europeo de contas nacionais e rexionais.

Co obxecto de optimizar a carga financeira global da Comunidade Autónoma, a posición neta debedora da Administración xeral poderá incrementarse coa finalidade de amortizar préstamos dos organismos, os entes e as sociedades indicados no parágrafo precedente, no mesmo importe que se amortice.”

6. Modificar o Estado de Ingresos na seguinte partida:

950 PRÉSTAMOS RECIBIDOS E EMISIÓN DE DÉBEDA
2.081.657.701, e todos os totais que correspondan.

7. Modificar o Estado de Gastos nas seguintes partidas, así como os totais de todos os resumos de seccións e programas:

- 12 03 312A7801- Renda de Inclusión Social de Galicia 86.506.340
- 12 04 312D 4600 -Servizo Axuda no Fogar da Dependencia 73.396.118
- 12 04 312D 4803 Libranza Vinculada a Servizos sociais e coidados no entorno 74.848.419

 Grupo Parlamentario

- 12 04 312D 4803 4800 - Programa de Apoio á Familias, Axuda Complementaria a Dedución Fiscal Fillos/as menores de 6 anos a cargo 5.888.307

8. Creación da seguinte partida orzamentaria no Estado de Gastos, alterando todos os totais de seccións e programas correspondentes:

- 12 04 312D 4804 - A Familias e Institucións sen fins de Lucro, Libranza para a Vida Independente de Discapacitados 1.056.450

9. Modificación da Disposición Adicional Sexta, que quedará redactada co seguinte texto.

“Sexta.- Prestacións familiares por coidado de fillos/as.

Aquelas persoas que, na data do 1 de xaneiro de 2017, teñan ao seu cargo fillas ou fillos menores de seis anos terán dereito a percibir unha prestación de 360 euros pola primeira filla ou fillo, de 1.200 euros pola segunda filla ou fillo e de 2.400 euros pola terceira filla ou fillo e sucesivos, nas condicións que estableza a Consellería de Política Social.”

Santiago de Compostela, 17 de abril de 2017

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz

ANTECEDENTES:

- Constitución Española do 27 de decembro de 1978
- Estatuto de Autonomía de Galicia.
- A Lei 1/2017, de 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017.
- Lei Orgánica 2/2012 de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira
- Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 17/04/2017 11:52:20

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do seu portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 163 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Proposición de lei de modificación da “Lei 24/2013, do 26 de decembro, del sector eléctrico”**, para presentar diante da Mesa do Congreso dos Deputados.

Exposición de motivos

O Tribunal Supremo vén de dar, a finais de marzo deste ano, un prazo de tres meses ao Ministerio de Enerxía para que estableza a contía que deben devolver as persoas consumidoras de diferentes comunidades autónomas, entre elas Galicia, ás compañías eléctricas polos tributos autonómicos cobrados ao sector eléctrico.

A Lei do sector eléctrico de 1997 establecía que no caso de que as actividades ou instalacións destinadas ao subministro eléctrico foran gravadas, directa o indirectamente, con tributos propios das comunidades autónomas, ou recargos sobre tributos estatais, poderían incluír un suplemento territorial que abonarían os consumidores desas comunidades para cubrir ese custe adicional.

En xullo de 2012 o Goberno de España aprobou un decreto-lei de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade. Entre outras cuestións, modificou a citada norma e eliminou o carácter opcional do suplemento territorial. Isto abriu a porta a fixar distintos prezos por comunidades en función dos tributos autonómicos que se aplicaran ao sector.

Isto vulnera o art. 86.1 CE, logo que afecta á potestade tributaria propia da comunidade autónoma, nos termos en que ven recoñecida na

 Grupo Parlamentario

LOFCA e no Estatuto de Autonomía de Galicia. Ademais, é destacable a deslealdade constitucional na que incorreu o Estado, ao alterar, mediante o anterior decreto-lei, unha política medioambiental sustentada na finalidade extrafiscal dos tributos pactados, habitualmente, nas comisións bilaterais de cooperación.

Tamén se vulnera o principio de igualdade tributaria do art.139 da CE en relación cos arts.31 e 34, en canto que se infrinxe o principio de capacidade económica, ao repercutir na cidadanía de Galicia un tributo que non atende, nin na súa contía nin na súa determinación, á súa capacidade contributiva.

Pódese afirmar que tanto o exceso de normas afectadas polo decreto-lei como a vulneración do principio de seguridade xurídica, expresado na disposición adicional decimoquinta, constitúen dous elementos máis que cuestionan esta regulación.

Aínda así, o Goberno quixo aplicar esta medida en 2013, incluíndo nos prezos da electricidade un suplemento de 200 millóns de euros que deberían pagar aos consumidores e ás consumidoras das comunidades que contasen con estes impostos. Sen embargo, a Comisión Nacional da Enerxía recomendou desestimar a medida porque o citado decreto-lei non fora desenvolvido.

Finalmente, desestimouse incluír o suplemento territorial e a finais de 2013, na nova Lei do sector eléctrico, o Goberno volveu á redacción anterior. Pero durante cerca dun ano e medio estivo en vigor unha norma que obrigaba a repercutir na factura ao consumidor/consumidora os impostos autonómicos ás compañías eléctricas.

Grupo Parlamentario

As empresas recorreron a decisión do Goberno de non cobrar por este concepto nas dúas ordes que regularon as tarifas de 2013. En xuño de 2014 e setembro de 2016, o Tribunal Supremo deulle a razón e condenou ao Ministerio de Industria a establecer o cobro dos suplementos territoriais. Sen embargo, a execución destes fallos xudiciais presentou novos problemas.

A finais de decembro o Tribunal Supremo apercibiu ao ministro de Enerxía para que antes do 20 de xaneiro iniciara a tramitación da orden correspondente. Así o fixo, e tamén aportou un informe sobre os problemas para executar a sentenza de 2014.

En concreto, o ministerio alegou que, para dar cumprimento ás sentencias, pediu en abril do ano 2016 ás comunidades autónomas información sobre os tributos existentes durante 2013 que gravaban actividades e instalacións destinadas ao subministro eléctrico. Pero só dispuxo de datos suficientes de Cataluña, A Rioxa, Castela A Mancha e a Comunidade Valenciana.

O pasado 26 de xaneiro deste ano publicou no Boletín Oficial do Estado a orden esixida, que unicamente afecta a estas catro rexións. Tamén se fixeron requirimentos a outras dez comunidades, Andalucía, Aragón, Asturias, Baleares, Canarias, Cantabria, Castela e León, Extremadura, Galicia e Madrid.

A orden de xaneiro deste ano establece a forma na que os/as consumidores/consumidoras das catro comunidades autónomas ás que afecta deben pagar ás eléctricas 16,5 millóns de euros polos impostos declarados polos seus gobernos. A maior parte, 12,4, asígnanse a Castela A Mancha, mentres que algo máis de 3,9 corresponden á Comunidade Valenciana. Pero tamén recolle que se continuará solicitando información sobre estas e outras comunidades autónomas.

 Grupo Parlamentario

Para o Goberno, só cabe devolución sobre aqueles tributos que graven actividades ou instalacións destinadas ao subministro eléctrico que foron obxecto de retribución regulada no ano 2013, polo que se limita ao transporte, distribución e produción de electricidade a partir de fontes de enerxía renovables, coxeneración e residuos con réxime primado.

Pero o proceso non rematou. Trala publicación da orden en xaneiro, as eléctricas solicitaron ao Tribunal Supremo que declare que non se ten cumprido a sentenza de 2014, e que se amplíe a esixencia de devolución a tódolos tributos satisfeitos polas actividades ou instalacións destinadas ao subministro eléctrico.

Así mesmo, piden que se reingrese todo o cobrado mentres estivo en vigor o decreto-lei de 2012. Pola súa parte, a avogacía do Estado deu por cumprida a sentenza e pediu que sexa o Tribunal o que requira ás comunidades que non teñen aportado os datos solicitados.

Nun auto do pasado 10 de marzo o Tribunal Supremo considera que a sentenza de 2014 ten sido parcialmente executada e que polo tanto só cabe que as eléctricas impugnen a orden de xaneiro, polo que non deixa claro si avala o criterio do Goberno.

Ademais, da un prazo de tres meses para que o ministerio dite unha nova resolución na que fixe canto hai que esixir aos consumidores das catro comunidades afectadas inicialmente e do resto de comunidades, entre elas Galicia.

 Grupo Parlamentario

Artigo Único: Modificación da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico

Un. Supresión do artigo 16.4.

Dous. Supresión do artigo 17.6.

Tres. Modificación do artigo 17.7., que quedará redactado co seguinte texto:

“7. Co fin de que exista a maior transparencia nos prezos do subministro de enerxía eléctrica, desglosaranse na facturación á persoa usuaria os diferentes conceptos na forma que regulamentariamente se determinen, cando menos o custo da enerxía, os peaxes de acceso ás redes de transporte e distribución e cargos que correspondan, e os tributos que graven o consumo de electricidade. Na facturación daquelas persoas usuarias acollidas a tarifas de último recurso, incluírase, no seu caso, o importe do bono social minorando o prezo voluntario para o pequeno consumidor ou o recargo sobre dito prezo, no caso da tarifa de último recurso para aquelas persoas consumidoras que transitoriamente non dispoñan dun contrato de subministro en vigor cun comercializador en mercado libre.”

Pazo do Parlamento, 11 de abril de 2017

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

ANTECEDENTES

- Constitución Española, 86.1 e 139.
- Estatuto de Autonomía de Galicia, art. 44.
- Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico
- Lei 17/2010, do 16 de xullo, do réxime de cesión de tributos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia e de fixación do alcance e condicións de dita cesión, art.1.
- Lei Orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, art.11.

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 11/04/2017 09:52:27



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 4 de abril, sobre a política do Goberno galego en relación co servizo de transporte sanitario terrestre (doc. núm. **6747**, [**10/INT-000275**]).

Moción

“O Parlamento galego insta ao Goberno galego a:

Rectificar a súa política de primar os criterios económicos sobre a calidade asistencial, nos concursos para a adxudicación de servizos sanitarios.

Que exerza a labor de vixilancia e control, sobre a prestación do servizo por parte das empresas, nas condicións establecidas nos pregos.

Que esixa o cumprimento das condicións establecidas no concurso do servizo de transporte sanitario urxente terrestre, concertado, e de central de chamadas, ás empresas adxudicatarias dos mesmos.

Que presente no Parlamento Galego, neste período de sesións, un informe desglosado por por EOXI, no que se recolla o resultado da “avaliación, control e seguimento” do cumprimento da adxudicación, que recae segundo o prego nas xerencias das EOXIS.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que impida o uso de ambulancias de apoio, non equipadas, como transporte sanitario de emerxencias.

Que esixa as empresas concesionarias a exclusividade dos recursos co Sergas, que establece o prego.

Que esixa a dotación do número de ambulancias establecidas no prego de condicións, así como a súa rotulación como prestadoras do servizo público do Sergas.

Que esixa a dotación de persoal suficiente, tanto en número como en cualificación, establecido nos pregos.

Que garanta os dereitos laborais d@s traballadores/as que prestan servizo para as empresas adxudicatarias do servizo de transporte sanitario urgente terrestre, concertado e da central de chamadas.

Que abra os expedientes sancionadores pertinentes polo incumprimento de condicións establecidas no prego do concurso.”

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 07/04/2017 13:23

Nº Rexistro: 7774

Data envío: 07/04/2017 13:23:23.286



Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 07/04/2017 13:23:07

Ana Pontón Mondelo na data 07/04/2017 13:23:11

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada, **Patricia Vilán Lorenzo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o día 4 de marzo de 2017, sobre a inmatriculación no rexistro da propiedade de bens inmobles da Igrexa católica (10/INT-000259, doc. núm. 6362)

Moción

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Solicitar do Goberno do Estado que reclame á Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado estudo coa relación dos bens inmatriculados en Galicia a favor da Igrexa Católica dende 1998 e como consecuencia do Real decreto 1867/1998, do 4 de setembro.
2. Remitir, no prazo improrrogable de 6 meses, copia do mencionado estudo á Cámara galega.
3. Solicitar do Goberno do Estado a aprobación dunha prórroga de 5 anos do prazo previsto na Lei de patrimonio histórico español polo que se impide á Igrexa Católica a venda ou cesión dos seus bens incluídos no Inventario de Bens Mobles da Igrexa.
4. Poner en marcha as accións tendentes a impedir a consolidación do dominio da Igrexa católica ou outros dereitos reais inmatriculados a favor da mesma en Galicia, se esta inmatriculación se tivera feito sen título material e previo que a xustificase ou cando o ben non fose susceptible de titularidade privada por ser de dominio público.

Pazo do Parlamento, 7 de abril de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga

 Grupo Parlamentario

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 07/04/2017 13:26:35

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 07/04/2017 13:26:40

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Noela Blanco Rodríguez** e **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

O dereito á prestación farmacéutica está recollido dentro do catálogo de prestacións do Sistema Nacional de Saúde.

O artigo 107 da Lei xeral da Seguridade Social establece a participación dos beneficios no prezo dos medicamentos dispensados pola acción protectora da seguridade social, encomendado ao Goberno a determinación da súa contía.

O artigo 2 do Real decreto 945/1978 do 14 de abril, que regula a achega do beneficiario da Seguridade Social na dispensación das especialidades farmacéuticas, estableceu o réxime xeral de copago de medicamentos, establecendo gratuidade da prestación farmacéutica para 4 casos concretos; "tratamentos que se realicen en institucións sanitarias pechadas propias e concertadas da Seguridade Social e aos que teñan a súa orixe en accidentes de traballo e enfermidades profesionais, e á dispensación aos e ás pensionistas da Seguridade Social e traballadores/traballadoras en situación de invalidez provisional derivada de enfermidade común e accidente non laboral con dereito a prestación farmacéutica da Seguridade Social, supostos nos que o beneficiario non realizará achega algunha".

A porcentaxe xeral de copago farmacéutico establecido, modificouse polo Real decreto 1605/1980, do 31 de xullo, subindo a achega da persoa beneficiaria do 30 % ao 40 %.

O Real decreto 83/1993 do 22 de xaneiro estableceu un copago reducido do 10 %, a medicamentos para o tratamento de enfermidades crónicas.

A Lei 13/1982 do 7 de abril, de integración social dos minusválidos (LISMI) inspirouse e fundamentouse nos dereitos recolleitos no artigo 49 da Constitución en razón á dignidade e dereitos que amparan ás persoas con discapacidade física, psíquica ou sensorial para a súa completa realización persoal e a súa total integración social, para a asistencia e tutela necesarias. Así mesmo establece que os poderes públicos realizarán unha política de previsión, tratamento, rehabilitación e integración das e dos discapacitados físicos, sensoriais e psíquicos, aos que prestarán a atención especializada que requiran e ampararanos especialmente para o goce dos dereitos que este título outorga a todos a cidadanía.

Os artigos 12 e 13 da LISMI, regulan en sistema de prestacións sociais e económicas, establecendo que a acción protectora comprenderá entre outros, a asistencia sanitaria e prestación farmacéutica, que será prestada polos servizos sanitarios do sistema da Seguridade Social, coa extensión, duración e condicións que regulamentariamente se determinen.

As persoas beneficiarias do sistema especial de prestacións asistenciais e económicas estarán exentos de abono de achega polo consumo de especialidades farmacéuticas.

En desenvolvemento dos referidos artigos, o Real decreto 383/1984 estableceu e regulou o sistema especial de prestacións sociais e económicas, establecendo, no seu artigo 6, que na prestación farmacéutica, a dispensación de medicamentos será gratuíta para os persoas con discapacidade en grao igual ou superior ao 33 %.

A gratuidade de medicamentos non se está aplicando por igual en todo o territorio nacional nin a todas as persoas con discapacidade cun grado igual ou superior ao 33 %, xa que aos menores de idade con discapacidade non se lles está aplicando a gratuidade establecida, salvo en Castela a Comunidade Autónoma de Extremadura e no País Valenciano, que xa contan con regulación propia eximindo o copago farmacéutico e dos produtos ortoprotésicos aos nenos e nenas con discapacidade.

Os nenos e nenas con discapacidade que non son pensionistas ou fillos/fillas de pensionistas pagan o 40 % do prezo dos seus medicamentos.

Grupo Parlamentario

As familias que teñen fillos ou fillas menores de 18 anos con enfermidades raras, graves e/ou discapacidade recoñecida teñen que facer fronte a elevados custos sanitarios e asistenciais necesarios para a súa adecuada atención.

A adquisición de medicamentos, cueiros, alimentación específica, tratamentos de fisioterapia, logopedia ou material ortoprotésico, entre outros, supón un elevado importe económico mensual que moitas familias teñen dificultades para afrontar ou directamente non poden asumir.

A saúde, a aplicación dos tratamentos prescritos e a calidade de vida dos e das menores con discapacidade non pode depender do poder adquisitivo da familia, nin da Comunidade Autónoma onde residan. Son un dereito universal que os poderes públicos deben garantir en todo o territorio nacional.

Os e as menores de 18 anos con discapacidade recoñecida e/ou enfermidade rara ou grave deberían ter unha tarxeta sanitaria persoal, sendo estes e estas menores os titulares da mesma, sen necesidade do recoñecemento como beneficiario/beneficiaria; os que lles permitiría ter autonomía na súa utilización e que estea dentro do Tipo TSI 001 ou equivalente en toda España, co fin de que desde o momento da detección da enfermidade estean exentos de calquera copago sanitario, sexa de medicamentos que se dispensen en farmacias ou ortoprotésicos, así como, calquera outro material ou tratamento que poida prescribir un médico, de maneira que aos produtos farmacéuticos ou material ortoprotésico que teñan que utilizar non se lles aplique as porcentaxes de achega establecidos, copagos, para a súa adquisición.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

1.- O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a adoptar cantas medidas sexan necesarias no ámbito das súas competencias para a emisión por parte dos servizos de saúde da Comunidade Autónoma dunha tarxeta sanitaria persoal ás persoas menores de idade afectadas por discapacidades recoñecidas ou enfermidades raras ou graves.

 Grupo Parlamentario

2.- O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia para que solicite ao Goberno de España a modificación do artigo 2 do Real decreto 945/1978 engadindo un novo punto que contemple o dereito á gratuidade da prestación farmacéutica para os menores de idade cun grao de discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33 %.

Pazo do Parlamento, 30 de marzo de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 31/03/2017 09:53:12

Julio Torrado Quintela na data 31/03/2017 09:53:18

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 31/03/2017 09:53:22

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Julio Torrado Quintela, María Dolores Toja Suárez e Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

A atención sanitaria telefónica vén sendo un avance nos diferentes servizos que o sistema sanitario público pon a disposición da cidadanía, e que facilita o acceso rápido e áxil para cuestións de índole menor ou que poden ser resoltas a distancia, ademais de posibilitar a xestión de citas en atención primaria. É, sen dúbida, unha ferramenta de mellora do sistema que, ademais, contribúe a liberar e redistribuír carga de traballo dos propios centros sanitarios, o que redunda en mellor calidade asistencial para os traballadores/traballadoras e persoas usuarias.

Unha desas ferramentas é a utilización do número de asistencia sanitaria 902, que permite realizar varios dos procedementos sinalados (consultas co 061, solicitude ou anulación de citas ...). Existen dous números que fan funcións similares (intercambiables nalgún caso) como son o 902 077 333 e o 902 400 116. No caso do primeiro, no que se ofrecen os servizos antes citados, a súa publicidade por parte do Sergas indica ter un custo de chamada local, mentres que no caso do segundo, que conecta directamente cos servizos do 061, resulta máis complicado conseguir información sobre o custo de tal chamada. A equiparación de servizos (unha consulta sanitaria sinxela é posible facela dende os dous números, que poden terminar derivando ao mesmo servizo) pode ter custos distintos, sen que a persoa usuaria sexa informado deso.

Cabe asumir que, dadas as características poboacionais de Galicia, e o perfil da persoa usuaria maioritaria do sistema sanitario galego, moitas das persoas que se atopan ante este servizo son persoas maiores que precisan claridade e facilidade nos servizos que se lle ofrecen. Nalgúns casos, ademais, o feito de necesitar atención sanitaria telefónica relaciónase co

Grupo Parlamentario

feito de estar en situación de dificultade para moverse ou desprazarse, ou no caso de persoas que atenden a outras persoas dependentes ou enfermas na casa. Conxúgase, pois, o feito das dificultades poboacionais para acceder ao sistema de maneira presencial, o que non supón custo directo e xera entón unha diferenza relevante entre persoas usuarias en detrimento duns respecto dos outros, co feito da confusión pouco resolta sobre as funcións e custos dos servizos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a unificar os teléfonos 902 077 333 e 902 400 116 de atención sanitaria telefónica nun servizo único e gratuíto para a persoa usuaria.

Pazo do Parlamento, 30 de marzo de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela

María Dolores Toja Suárez

Noela Blanco Rodríguez

Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 31/03/2017 10:28:32

María Dolores Toja Suárez na data 31/03/2017 10:28:37

Noela Blanco Rodríguez na data 31/03/2017 10:28:44



 [Grupo Parlamentario](#)

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 31/03/2017 10:28:49

Partido dos
Socialistas
de Galicia



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de EN MAREA, por iniciativa do seu deputado **Juan José Merlo Lorenzo** e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en Pleno, **relativa ao futuro da flota ante o Brexit**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A frota do Gran Sol, xunto coa frota das Malvinas, é un dos sectores insignia da pesca galega, a cal atopou a súa salvación en deixar de ser española. Hoxe case ningún buque dos que faenan nestes tradicionais caladoiros dos buques galegos ten pavillón español.

“A gran maioría da frota do Gran Sol que existe en España é de bandeira estranxeira, unha minoría de bandeira galega resiste, o resto despezoouse”

As bandeiras son estranxeiras, pero as armadoras son galegas. A normativa europea permitiulles manter un continxente maioritario de tripulantes de aquí, con algunhas peculiaridades como a normativa francesa que impón un capitán galo naqueles buques nos cales ondea o seu pavillón. Os barcos deben cumprir outras obrigacións cos seus novos países, por exemplo as descargas, na súa maioría deben realizarse en portos británicos e franceses - hai que dar algo de movemento comercial aos seus radas -. Pero o peixe na súa maioría pescada, galo e rape, cárgase en camións e transportase a España. Nesa rada póxase e desde alí distribúese, a cargo das compañías comercializadoras, aos principais mercados peninsulares, principalmente Madrid e Barcelona.



O Reino Unido conseguiu a catalogación de Zona dependente exclusiva da pesca no ano 1982.-(III Convención das Nacións Unidas sobre o Dereito do mar artigos do 55 ao 75). Isto garántelle uns dereitos especiais e exclusivos na exploración e explotación dos seus recursos naturais que, a maiores da zona continental e da zona contigua (É o espazo de alta mar contiguo ao mar territorial e que se estende desde o límite exterior do mar territorial ata as 24 millas náuticas), dá unha extensión de 200 millas a contar a partir das liñas de base da zona contigua.

A Unión Europea recibiu hoxe, a carta de Londres que pon en marcha o proceso de saída de Reino Unido do bloque europeo.

O inicio do Brexit, colócanos nunha situación na que debemos analizar con calma, todas as oportunidades que este feito nos expón, co propósito de lograr mellores acordos, renegociar as condicións xa establecidas co resto dos países membros e a procura de melloras que beneficien ao sector pesqueiro español.

Estamos ante a oportunidade de renegociar as nosas cotas; oportunidade que se nos foi negada á entrada de España na Unión Europea, dado que estas estaban xa repartidas en beneficio dos estados membros que xa formaban parte da UE.

Non se busca unha confrontación co Reino Unido, pero tampouco podemos esquecer que este estado membro, desde a súa incorporación á UE, gozou dunha situación privilexiada sobre o resto dos estados membros. Tampouco podemos permitir que o estado saínte, do conxunto de membros da Comunidade Económica Europea, sexa o que estableza as directrices das negociacións.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:



O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que inste ao Goberno de España na urxente necesidade da creación dunha xestora, que estea formada por todos os partidos políticos, representantes de asociacións do sector pesqueiro, empresas armadoras e sindicatos, para estudar en conxunto as demandas para presentar, que máis beneficien ao sector pesqueiro, ante o BREXIT.

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2017.

Asdo.: Juan José Merlo Lorenzo,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputado do G.P. de En Marea

Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Juan José Merlo Lorenzo na data 31/03/2017 11:28:57

Luis Villares Naveira na data 31/03/2017 11:29:17

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela** e **Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

Na estrutura organizativa e funcional dos centros hospitalarios repousa un dos eixos fundamentais do correcto funcionamento do sistema, e da garantía de eficiencia na calidade asistencial da sanidade pública. Dentro desas estruturas os/as xefes/xefas de servizo constitúen unha pedra básica de organización e funcionamento. O seu labor organizativo do servizo e das demandas asistenciais, así como a supervisión e impulso da calidade asistencial, enlazada co seu contacto coa dirección dos centros, converte ás persoas que ocupan tales responsabilidades en determinantes para todo o sistema.

Os procesos de selección de xefes/xefas de servizo deben sentar as bases, a efectos da política de recursos humanos do sistema sanitario público, do perfil desexado para executar este labor. O Decreto 206/2005 de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde establece requisitos para o nomeamento de xefes/xefas de servizo ou unidade de atención primaria, nos que se contempla de maneira explícita a cuestión: *Nestes procedementos poderá valorarse a dedicación profesional prioritaria ou exclusiva á institución sanitaria* (capítulo VI. artigo 40º).

A relevancia das responsabilidades que se adquiren coa xefatura de servizo, a necesidade de ser plenamente coñecedor do servizo, así como o traballo a desenvolver durante o tempo que se desempeñe ese labor, convidan a formular unha maior implicación das persoas co propio sistema e co labor diario do servizo que van a dirixir.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a modificar o Decreto 206/2005 para esixir de maneira explícita:

- a) Que, dentro dos requisitos para o nomeamento á xefatura de servizo ou unidade de atención primaria, se considere obrigatorio a dedicación exclusiva ao sistema sanitario público, e prioritariamente á mesma institución sanitaria.
- b) Que o labor da xefatura de servizo implique a dedicación exclusiva a tal función.

Pazo do Parlamento, 29 de marzo de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 31/03/2017 13:17:24

Noela Blanco Rodríguez na data 31/03/2017 13:17:29

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 31/03/2017 13:17:35

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, María Dolores Toja Suárez, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

En novembro do pasado ano, a empresa “TUNGSTEN SAN FINX, SL”, que solicitara autorización a Augas de Galicia para verter augas derivadas do traballo na súa explotación mineira, aseguraba que esa actuación se faría con total respecto ás normas de calidade e que a explotación ía ser sostible e respectuosa co medio ambiente. Incluso dicía a empresa que as escorrentías se estaban a producir de maneira natural e ao marxe da actividade da mina.

Mais ocorreu que en xaneiro o rego de San Fins baixou tinguido de laranxa. Augas de Galicia realizou inspeccións e análises, concluindo que, augas arriba da explotación mineira os regos baixan limpos, pero, augas abaixo, hai altas concentracións de metais pesados e tóxicos. Como exemplo, os datos de cadmio amosan unha multiplicación por 28 dos máximos permitidos polas normas de calidade ambiental.

De todos é sabido que estes metais pesados son bioacumulativos e tenden a se concentrar nos tecidos vivos ao longo de toda a cadea, polo que antes ou despois acabarán provocando alteracións, o que será sinxelo de pasar porque o rego de San Fins acaba desaugando (en total, un millón de metro cúbico de augas contaminadas) na ría de Noia, que poderíamos dicir ten os bancos marisqueiros máis importantes de Galicia. O anterior corrobora o informe elaborado polos eurodeputados/as do Parlamento Europeo que viñeran a Galicia en 2013 para controlar a depuración das rías galegas, concluindo que “as zonas nas nosas rías que aínda son moi produtivas están en grave perigo se non se toman medidas”.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Obrigar á empresa mineira “TUNGSTEN SAN FINX, SL” a desenvolver a súa actividade mineira respectando as normas de calidade e do medio ambiente.
2. Tomar as medidas necesarias para que se acade a protección da ría de Noia, incluso chegando á denegación do permiso de vertedura de augas á empresa mineira “TUNGSTEN SAN FINX, SL”, coa fin de protexer medioambientalmente a ría.

Pazo do Parlamento, 30 de novembro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Dolores Toja Suárez
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 31/03/2017 13:36:48

María Dolores Toja Suárez na data 31/03/2017 13:36:54

Raúl Fernández Fernández na data 31/03/2017 13:37:02



 [Grupo Parlamentario](#)

María Luisa Pierres López na data 31/03/2017 13:37:07

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 31/03/2017 13:37:12

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral e Miguel Tellado Filgueira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non del lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Os beneficios das vacinas en nenos son ben coñecidos e valorados, como amosan as boas coberturas vacinais acadadas. Sen embargo, a sociedade posiblemente aínda non é moi consciente dos beneficios que as vacinas nos poden proporcionar aos adultos, ben en determinados grupos de risco ou en determinados grupos de idade.

E elo a pesares de que nestes momentos o sistema público financia moitas vacinas no adulto, ben na poboación xeral, como a vacinación contra o tétanos e a difteria, ou en grupos determinados, como é o caso da vacinación ofertada á embarazada para evitar casos de tosferina en nenos recién nados (vacuna dTpa -difteria/tétanos/tosferina-), ou a da varicela, a triple vírica, a da hepatite B, aantineumocócica, entre outras, indicadas en determinadas situacións ou ao alcanzar certa idade. Pero as coberturas non son as desexadas, polo que moitos galegos quedan sen beneficiarse delas a pesares da súa gratuidade.

Pensamos que resulta de gran interese poñer en marcha iniciativas que melloren a información sobre as vacinas dispoñibles e das súas vantaxes, principalmente entre as persoas que poidan resultar beneficiadas.

Neste sentido, a elaboración e aprobación dun calendario de vacinación para a persoa adulta pode contribuír ao coñecemento das indicacións e beneficios, tanto para os profesionais como para a cidadanía.

Conscientes da importancia que para a saúde da cidadanía pode ter unha iniciativa como esta, o Grupo Parlamentario Popular, presenta esta proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia á elaboración e aprobación dun calendario vacinal para o adulto”.

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 31/03/2017 14:28:16

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 31/03/2017 14:28:26

María Encarnación Amigo Díaz na data 31/03/2017 14:28:34

María Ángeles Garcia Míguez na data 31/03/2017 14:28:40

Marta Rodríguez Arias na data 31/03/2017 14:28:48

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 31/03/2017 14:29:01

María Soraya Salorio Porral na data 31/03/2017 14:29:12

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 31/03/2017 14:29:20

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Patricia Vilán Lorenzo, e dos seus deputados, Abel Fermín Losada Álvarez e Juan Manuel Díaz Villoslada, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Como xa expuxo este grupo parlamentario na proposición non de lei rexistrada o 10 de maio do ano 2013 (iniciativa que non chegou a ser debatida), ducias de miles de emigrantes retornados comezaron a recibir unha comunicación, por parte da Axencia Tributaria, na que se lles informaba da apertura dun expediente relacionado coas pensións que viñan percibindo do estranxeiro, froito da cal se lles reclamaba diversa información e se lles notificaba unha posible sanción derivada de non ter declarado, no seu día, a renda percibida. As notificacións chegaron incluso aos familiares de emigrantes falecidos.

Todos os afectados eran e son persoas maiores, que emigraron ao estranxeiro durante as décadas dos anos 50, 60 e 70. Ás veces, persoas con escasos coñecementos fiscais, pero moitos deles preocupáronse por aclarar a súa situación ante a administración. Os emigrantes retornados non comprenderon o enorme prexuízo que lles provocaba ter que regularizar os anos non prescritos, posto que nunca houbera pola súa parte vontade de defraudar. Non existiu culpa, nin sequera mera neglixencia no cumprimento das súas obrigacións fiscais por canto que, ata entón, a Administración tributaria nunca lles esixiu que tributasen por esas pensións.

Nun primeiro momento, o Ministerio de Facenda fixo caso omiso e ignorou ao numeroso colectivo afectado, negándose en todo momento a buscar un acordo, anular as sancións e conceder un prazo de tempo razoable aos emigrantes retornados para actualizar as súas declaracións, sen aplicarlles multas nin intereses de demora. Tras un gran esforzo reivindicativo por parte do numeroso colectivo de afectados, a Administración tributaria accedeu a corrixir a súa forma de proceder, anulando as sancións e deixando de aplicar intereses de demora.

Grupo Parlamentario

A pesar desta rectificación, e da apertura dun prazo de regularización de seis meses, durante a primeira metade de 2015 (Lei 26/2014 de modificación do IRPF), non acabou de se resolver o problema, pois a Axencia Tributaria continúa esixíndolles que tributen con carácter retroactivo, polos exercicios non prescritos cando se iniciaron os procedementos (2008 a 2012).

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Neste contexto, a regularización da situación tributaria das persoas retornadas teríase que facer de oficio e non a instancias delas, posto que podía e pode suceder que moitas non accederan a este trámite polas súas propias dificultades de mobilidade, idade, recursos, etc. Hai colectivos que continúan solicitando unha ampliación do prazo de regularización e denunciando anomalías na propia regularización, como non recoñecer as sentencias xudiciais que dan a razón aos emigrantes retornados que traballaron en Alemaña e perciben pensións de dito país, nas que se conclúe (o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia vense pronunciando de forma reiterada desde 2006 neste sentido) que os pensionistas non deben tributar no Estado español posto que xa tributaran polas súas pensións en Alemaña, de modo que podería considerarse un caso de dobre imposición.

Por outra parte, o feito de que gran parte das persoas afectadas non teñan recoñecidas en España a súas incapacidades prexudica gravemente a súa situación comparativa ante a facenda pública, polas exencións das que non gozan. Os emigrantes retornados que perciben pensións públicas do estranxeiro non poden aplicarse directamente a exención na súa declaración do IRPF e vense obrigados a presentar con posterioridade unha solicitude de rectificación da súa autoliquidación.

Para resolver estas solicitudes, a Axencia Tributaria require ao INSS un informe pericial sobre a correspondencia do grao de incapacidade laboral causa da prestación económica, para ver si é unha invalidez total con dereito a exención. En caso positivo resólvese a rectificación da declaración coa devolución e pago de intereses de demora. Non obstante, este trámite vén desenvolvéndose de forma especialmente lenta, co conseguinte prexuízo para os emigrantes retornados.

Recentemente, varios colectivos de emigrantes retornados puxeron de manifesto que a Axencia Tributaria vén de remitirilles novamente requirimentos tributarios con aviso de sanción polos exercicios non prescritos.

Grupo Parlamentario

Estes días, nos xornais aparece unha nova que nos informan de que A Comisión de Peticións da Eurocámara instará por carta ao Goberno para a busca dunha solución colectiva para os máis de 250.000 galegos con pensións no estranxeiro, informándolle da situación fiscal e instándolles a atender as demandas da asociación de afectados.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que se dirixa o Goberno central e lle solicite:

1º) A devolución dos importes cobrados indebidamente aos pensionistas emigrantes retornados de Alemaña en atención ás sentencias xudiciais ditadas a tales efectos.

2º) O establecemento de forma urxente dun procedemento de homologación das pensións públicas do estranxeiro para posibilitar que se poida aplicar a exención directamente na declaración do IRPF, e evitar os recursos que se ven obrigados a formular na actualidade os emigrantes retornados con pensións públicas doutros países.

3º) Que adopte unha solución para os emigrantes galegos retornados con prestacións do estranxeiro, atendendo as súas demandas, tal e como lle insta a Comisión de Peticións da Eurocámara.

Pazo do Parlamento, 31 de marzo de 2017

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 31/03/2017 16:25:53

Patricia Vilán Lorenzo na data 31/03/2017 16:26:02



 **Grupo Parlamentario**

Abel Fermín Losada Álvarez na data 31/03/2017 16:26:09

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 31/03/2017 16:26:20

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 31/03/2017 16:26:33

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, por iniciativa do seu deputado **Francisco Casal Vidal** e ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en **Pleno**, **relativa os estudos e alegacións que a Xunta de Galicia debe realizar cando Red Eléctrica de España (REE) as solicita para a construción de liñas de alta tensión e subestacións, con especial atención nos casos no que afecten a espazos naturais protexidos ou que entren en contradición cas Directrices da Paisaxe de Galicia.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Casos como o que imos describir a continuación pon de relevo que a implicación da Xunta de Galicia na interposición de alegacións ás solicitudes de REE, para a construción de liñas de alta tensión e subestacións, ten que ser moito máis rigorosa, con especial atención cando poidan afectar a espazos protexidos, de especial valor cultural ou arqueolóxico ou cunha afectación á paisaxe importante.

En outubro de 2015, o Consello de Ministros aprobou o plan polo que Red Eléctrica de España (REE) comezou co proxecto para a construción dunha liña de alta tensión en dobre circuíto de 220 kV que cruzará boa parte da comarca das Mariñas. Pasará por Cerceda, Carral, Culleredo e Arteixo ata chegar á Coruña; Sairá de Abegondo, onde na parroquia de Folgoso se prevé unha subestación 400 kV/220 kV de entre 4 e 8 hectáreas que podería ser ampliada no futuro.

A liña está incluída no Plan de Desenvolvemento da Rede de Transporte de Enerxía Eléctrica 2015-2020, publicada o 23 de outubro de 2015 IET/2209/2015,



despois do trámite regulamentario establecido no Art. 4.2 da Lei 24/2013 do Sector Eléctrico.

Este trámite ten catro pasos:

- a) Proposta de REE con modificacións do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital e alegacións das CC.AA.
- b) Informe da CNMC
- c) Congreso dos Deputados (para información)
- d) Aprobación en Consello de Ministros

Os pasos b), c) e d) tiveron lugar o: 16/04/2015, 29/09/2015 e 21/10/2015 respectivamente.

A construción da liña é unha actuación aprobada hai ano e medio, e no caso da Xunta de Galicia coñecida desde decembro de 2014, cando, segundo a CNMC, se iniciou o período de alegacións das CC.AA.

Segundo o Informe da CNMC a Xunta de Galicia non realizou, sorprendentemente, ningunha alegación en relación coa liña nin a nova subestación de Abegondo á que irá conectada.

Trátase dunha liña non incluída no Plan de Desenvolvemento da Rede de Transporte 2008-2016 (e por iso non afectada pola moratoria do RDL 13/2012.) que por tanto se incluíu no Plan de Desenvolvemento da Rede de Transporte elaborado a partir de 2012.

A motivación para a construción da liña, que aparece no Plan de Desenvolvemento da Rede de Transporte 2015-2020, é a Seguridade de Subministración e para evitar cortes de subministración zonais e locais.

Características da intervención na rede de AT.

Trátase dunha liña con dous circuítos a 220 kV e unha lonxitude de 29 km (variable segundo as alternativas a definir) de liña aérea e 12 km de cable

subterráneo, entre a subestación de Eiris 220 kV e unha nova subestación a construír en Abegondo.

Conxuntamente coa liña Eiris-Abegondo, o Plan tamén inclúe a construción dunha nova subestación de 400 kV/220 kV en Abegondo con entrada saída da liña de 400 kV : Mesón do Vento- As Pontes xa existente.

A motivación, alegada de maneira escasamente argumentada, para a nova subestación e as liñas é tamén a Seguridade de Subministración na zona de A Coruña.



No mapa adxunto pódese observar que a liña e a proxectada subestación de Abegondo independizan a subministración da Coruña e comarca dun fallo grave na Subestación de Mesón do Vento 220 kV. Pero sería necesaria moita máis información sobre outras causas que de momento non foron explicitadas.

Non hai información dispoñible do detalle da avaliación realizada por parte de REE.



A data prevista de posta en servizo da Subestación de Abegondo e a Liña Abegondo-Eiris é 2019.

Na fase primoxenea de avaliación ambiental, municipios e institucións emitiron os seus informes, todo previo ao posterior estudo de impacto ambiental, aínda sen elaborar. Os concellos afectados coincidiron en advertir da falta de información, ademais de censurar uns trazados que afectarían ao Monte Xalo, camiños históricos, castros ou petróglifos.

Aínda que hai tres posibles vías por onde pasaría a liña, hai unha que semella a preferida para REE. Tería uns 32 quilómetros de lonxitude e con piares cada 500 metros.

A idea é que a liña de alta tensión atravesese moitas zonas rurais que se poderían ver prexudicadas, así como terreos dun elevado valor paisaxístico e ambiental, hábitats protexidos e áreas incluídas na reserva da biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.

Como calquera liña destas características, o cableado require dunha distancia de afección do entorno dos 40 metros, mentres que as obras para postes e instalacións esixirán a actuación de maquinaria pesada e o tronzado de árbores.

Algúns expertos advirten que "o desenvolvemento desta subestación de Abegondo, ademais de asegurar o servizo a zonas urbanas e industriais da zona da Coruña, tamén forman parte das infraestruturas necesarias para garantir a exportación de enerxía e, polo tanto, non só para cubrir as necesidades propias de Galicia". Neste suposto, habería "utilidade pública", pero tamén "utilidade de negocio das compañías produtoras de electricidade"

"A clave podería estar na actuación proxectada entre Dumbría-Mesón do Vento para dar saída á produción eólica da Costa da Morte e a hidroeléctrica de Ferroatlántica e así poder evacuar máis electricidade". "A subestación de Abegondo podería ser destinada, ademais dos usos expostos por REE, para aliviar a carga da estación de Mesón, que podería ter que soportar a saída cara a Portugal, xunto a outras actuacións que se están planificando no sur de Galicia."



Ante todo o exposto, consideramos que o Goberno da Xunta de Galicia ten que intervir de maneira urxente para desenvolver protocolos de actuación moito máis estritos, solventes e transparentes para a elaboración das alegacións mencionadas na parte expositiva.

A este fin, En Marea presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1.- Desenvolver un protocolo de actuación ante as solicitudes de alegacións por parte de REE, para a construción de liñas de alta tensión e subestacións, que debería ter en conta os seguintes aspectos, entre outros a desenvolver:

- Aclaración minuciosa e precisa por parte de REE da necesidade da instalación para garantir o servizo eléctrico aos domicilios, empresas e industrias dunha zona determinada, que fará mención da capacidade necesaria de transporte da liña. Desta maneira poderase avaliar a utilidade pública da instalación.
- Realizar estudos de posibles alternativas no caso de forte impacto sobre o medio.
- Avaliar as posibilidades de substituír tendidos aéreos por subterráneos en zonas sensíbles, sobre todo no caso de que a utilidade pública non sexa prioritaria.
- Solicitar a REE información de se a construción da liña ou subestación vén motivada polas necesidades dunha industria electrointensiva.
- Solicitar a REE información de se a construción da liña ou subestación vén motivada polas necesidades de evacuación de enerxía de zonas de produción en Galicia cara territorios alleos a Galicia.



2.- Trasladar de inmediato a solicitude de alegacións aos concellos afectados e ao Parlamento, para que participen do proceso desde o principio, sen esperar a que o proxecto estea xa desenvolto.

3.- Trasladar ao Parlamento as peticións de información e alegacións da CNMC. Entre elas, e a máis importante, a planificación de infraestruturas de electricidade e gas.

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2017.

Asdo.: Francisco Casal Vidal,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputado do G.P. de En Marea

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 03/04/2017 10:27:08



Luis Villares Naveira na data 03/04/2017 10:27:18

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa das súas deputadas **Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez** e a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**, sobre a arte rupestre galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Se deixamos que nos rouben o legado dos nosos devanceiros/as e que se mutile o coñecemento, non é que deixemos de ser persoas cultivadas: é que as xeracións futuras deixarán de ser persoas en sentido estrito.

Cando se recorta o orzamento para as universidades, as escolas, os teatros, as investigacións arqueolóxicas, as bibliotecas... estase cercenando a excelencia dun país e eliminando calquera posibilidade de formar a toda unha xeración. As reducións propostas no orzamento especial das ciencias, as letras e as artes son doblemente perversas. Son insignificantes desde o punto de vista financeiro e nocivas desde todos os demais puntos de vista.

Dan ganas de pegar saltos ata o ceo e facer nosas as teses que exclaman que nas épocas de crises, é cando hai que dobrar o orzamento para a cultura. Para superar o se deu en chamar *o inverno da conciencia*.

Traemos hoxe aquí unha cuestión que consideramos de especial interese: **ARTE RUPESTRE GALEGA**. Ademais temos a convicción de que unha



actuación positiva con respecto a este tesouro único que posuímos, pode ter retorno social e económico.

A arte rupestre galega forma, sen dúbida, un dos conxuntos de petróglifos prehistóricos ao aire libre máis importantes de Europa. Pero **parte destes gravados corren un grave risco, non só de deterioro senón de desaparición**, segundo os expertos, ante a ausencia de coidados en materia de limpeza e mantemento que aseguren a súa conservación.

Por iso, unha petición popular dirixida á Xunta e impulsada desde Pontevedra, **insta o goberno galego a iniciar os trámites para conseguir a súa declaración como Patrimonio da Humanidade**, a medida "máis eficaz" para garantir unha supervivencia que está "seriamente ameazada", segundo se recolle no manifesto SOS Arte Rupestre.

Os impulsores desta iniciativa son o **arqueólogo Antonio de la Peña, o historiador Buenaventura Aparicio e o antropólogo Rafael Quintía** que buscan crear un movemento cidadán de "reivindicación e denuncia" ante a situación de "abandono" que sofren estas áreas rupestres por parte de Patrimonio.

Os tres coinciden que **os petróglifos galegos "se poden equiparar" ás covas da cornisa cantábrica ou ás pinturas da zona levantina**, en canto á súa riqueza patrimonial, a súa beleza estética e a súa relevancia histórica, pero atópanse actualmente "desprotexidos" e sen ningún tipo de "salvagarda" .

Así, denuncian que a **proliferación de matogueira e arboredo na súa contorna** deixan aos petróglifos "sen ningunha protección" cando se producen incendios forestais, ao crebarse a pedra polas altas temperaturas. Ademais, citan as **obras "incontroladas" ou os traballos no monte que se realizan sen adoptar "medidas preventivas"** como outros dos riscos.



Estes tres expertos denuncian que unha parte "considerable" deste patrimonio rupestre atópase en perigo e **puxeron o exemplo da emblemática Pedra das Ferraduras de Campo Lameiro**, á que cualifican como un dos dez monumentos máis importantes de Galicia, e que a pesar do seu valor "incalculable" atópase "totalmente abandonado".

Ademais, lembran que **a Xunta de Galicia "nin sequera" elaborou un catálogo oficial** que recolla a existencia de todos os petróglifos que se conservan en Galicia, un "desleixo" que afecta a unha das manifestación artísticas "máis valiosa" da humanidade.

Entenden que a declaración de Patrimonio da Humanidade -que xa teñen as pinturas e gravados cantábricos e levantinos- serviría "para que veña xente de todo o mundo a visitalos" e as administracións aposten pola súa conservación, polo seu estudo e pola súa divulgación, tarefas que actualmente realizan tanto colectivos e asociacións como afeccionados a título particular e de forma desinteresada.

Aceptamos a idea de que fomentar a cultura é influír de xeito positivo no desenvolvemento da sociedade. Malia todo, ao Partido Popular semella que lle dá por pensar que investir en cultura non é economicamente rendible e, por se iso fose cousa de pouco, non é posible saber cal son os seus beneficios sociais dunha maneira exacta. Cremos que están equivocados e imos explicar por que.

Hai persoas e empresas adicadas ao estudo das repercusións económicas e sociais do investimento cultural. Tiramos algunhas das súas conclusións:

Nun estado como España, o sector cultural contribúe co 3,4% do PIB e é responsable do 2,8% do emprego directo total. A aportación económica da cultura é superior á dos sectores como o da agricultura, gandeiría e pesca, que



xeran o 2,5% do PIB, as telecomunicación cun 1,7% e o “amado” fútbol, con outro 1,7%.

É moi complicado avaliar os efectos sociais do investimento en cultura a curto prazo pero, cun histórico de datos (ou conxunto de control) sobradamente grande para cruzalo con outras variables, podemos inferir que, o investimento en cultura crea emprego indirecto e inducido moi útil para que as empresas continúen coa súa actividade-investimento, elevando os niveis educativos ou rebaixando a taxa de delincuencia. Comprobouse, tamén que un incremento do investimento en cultura reduce a débeda viva dos municipios

Por poñer un exemplo que nunha cidade cuxa economía virou da industria pesada á cultura e os servizos, e segundo di Fierro, por cada posto de traballo [cultural] directo que creou o concello, xeráronse nove inducidos. E nun estudo sobre a repercusión das actividades culturais de magnitude media que se realizaban durante todo o ano na citada cidade, chegaron á conclusión de que alí existe unha correlación entre variables indicativas de desenvolvemento cultural e social, como o asociacionismo, a paridade laboral entre homes e mulleres, a inmigración e a calidade de vida.

Lendo sobre este asunto, unha pregúntase que ocorrería se estes estudos de cultumetría se xeneralizasen e aplicásenos as súas leccións en cada provincia do noso país. Quizá así seríamos verdadeiramente conscientes do ben que nos fai a todos o fomento da cultura.

E por todo isto que o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a iniciar os trámites para acadar a Declaración da arte rupestre galega como Patrimonio da Humanidade.



Santiago de Compostela, 3 de abril de 2017.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 03/04/2017 13:22:46

Luca Chao Pérez na data 03/04/2017 13:23:48

Luis Villares Naveira na data 03/04/2017 13:23:59

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados e das súas deputadas **Abel Losada Alvarez, José Manuel Pérez Seco, Concepción Burgo López, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

O Convenio do 10 de febreiro de 2009 entre a Xunta de Galicia, o Consorcio da Zona Franca de Vigo e o Concello de Vigo, ten por finalidade o desenvolvemento do Campus do Mar. No devandito convenio especifícase que a Zona Franca cederá á Xunta de Galicia as parcelas precisas para a execución do Campus do Mar e ao Concello de Vigo as parcelas PS-1, como área de vías, espazos libres e infraestruturas, e PS-4 como área de equipamento deportivo, usos complementarios dotacionais e parque urbano. Todo iso a cambio de diferentes compromisos de investimento por parte das distintas administracións participantes.

Este mesmo convenio, establece unha cláusula de rescisión que compromete á Xunta de Galicia á expropiación dos terreos da ETEA, dicindo ademais que a “Xunta de Galicia comprométese a incluír no Plan sectorial o sistema de actuación por expropiación recollendo as circunstancias anteriores e a executar a mesma nun prazo máximo de dous anos a contar dende ou 31 de decembro de 2015”.

Neste mesmo sentido, a cláusula Sétima do citado convenio especifica que “A Xunta de Galicia transferirá ao Concello de Vigo os viais e parques públicos que resulten da reurbanización da Cidade do Mar”.

Neste contexto, o Concello de Vigo ratifica o interese no desenvolvemento deste proxecto sectorial e o seu compromiso coa adaptación do seu plan ás especificacións do mesmo. En particular, o Concello de Vigo fíxose cargo da reforma e mantemento das zonas PS-1 e PS-4 como dotacións públicas para a cidadanía.

Á vista da información precedente, só cabe executar a cláusula sexta do convenio entre a Xunta de Galicia, o Consorcio da Zona Franca e o Concello de Vigo, de tal forma que a Xunta de Galicia proceda á expropiación dos terreos da ETEA antes do 31 de decembro de 2017 e ao desenvolvemento do Plan sectorial de ordenación territorial do Campus Científico-Técnico do Mar.

Dado que o devandito Plan sectorial, establece que as zonas PS-1 e PS-4 son viarios, espazos libres, parques ou equipamentos deportivos, o Concello de Vigo reitera o seu compromiso de manter estas zonas e os seus usos para o goce de todos os cidadáns e cidadás de Vigo.

No mes de xullo do ano 2015, o Consorcio da Zona Franca de Vigo, a través da correspondente Escritura na que comparece a Delegada Especial do Estado do propio consorcio, procedeu a outorgar a favor da Comunidade Autónoma a transmisión dos terreos coas súas edificacións que conforman a ETEA.

O paradoxal é que, a pesar de que a Xunta de Galicia ten a obriga de expropiar os terreos que aínda non sexan da súa titularidade, en contra do sentido común e do Plan sectorial do campus do Mar, non só renega dos seus compromisos de expropiación senón que pretende revender parcelas que xa son da súa titularidade, como se desprende da proposta de convenio entre a Xunta de Galicia e a Zona Franca de Vigo.

Máis estraño resulta aínda o papel do Comité Executivo do Consorcio que, fronte a reclamar a expropiación dos terreos da ETEA e o pago dos compromisos da Xunta de Galicia, decide recomprar terreos e ceder unha parcela á Universidade de Vigo.

Chegouse a argumentar a existencia de documentos asegurando que non era factible a transmisión dos inmobles directamente á Universidade de Vigo por parte da Comunidade Autónoma, e agora xa se coñece que non hai informe ou documento algún nese sentido. Polo que non existe tal impedimento.

O presidente da Xunta de Galicia afirmou nos últimos días que existía unha importante dotación orzamentaria para a actuación do Campus do Mar en

Grupo Parlamentario

Vigo, pero nos orzamentos da Comunidade Autónoma aprobados para o ano 2017, ao igual que para exercicios anteriores, non existe partida concreta algunha ao respecto. Máis ben o contrario: o Grupo Popular rexeitou nos últimos anos as diversas emendas que foran presentadas por parte deste grupo parlamentario para poder abordar este proxecto.

Por último, o Pleno do Concello de Vigo en sesión celebrada o día 29 de marzo de 2017, aprobou, sen ningún voto en contra, instar a Xunta de Galicia a impulsar o Campus do Mar de Vigo, dotalo de contido e financiamento e a ceder de forma inmediata os inmobles necesarios á Universidade de Vigo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a impulsar o Campus do Mar de Vigo, dotalo de contido e financiamento e a ceder de forma inmediata os inmobles necesarios á Universidade de Vigo.

Pazo do Parlamento, 31 de marzo de 2017

Asdo.: Abel Losada Alvarez
José Manuel Pérez Seco
Concepción Burgo López
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

 Grupo Parlamentario

Abel Fermín Losada Álvarez na data 03/04/2017 13:36:15

Jóse Manuel Pérez Seco na data 03/04/2017 13:36:21

Maria de la Concepción Burgo López na data 03/04/2017 13:36:27

Raúl Fernández Fernández na data 03/04/2017 13:36:32

María Luisa Pierres López na data 03/04/2017 13:36:38

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 03/04/2017 13:36:42



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de EN MAREA, a iniciativa da súa deputada **Carmen Santos Queiruga** e do seu deputado **Juan José Merlo Lorenzo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en Pleno, relativa ao fomento do uso do coche eléctrico en Galicia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na actualidade, existen preto de millón e medio de vehículos matriculados en Galicia, representando o 20% do total aqueles que teñen máis de 20 anos. Isto ten consecuencias perniciosas para o medio ambiente, xa que a práctica totalidade de estes vehículos utilizan combustibles fósiles para moverse. Potenciar dende a administración autonómica galega vehículos máis respectuosos co medio ambiente mellorará, entre outras cuestións, a calidade do aire que respiramos todos os galegos e galegas.

A venda de vehículos eléctricos aínda representa unha minoría sobre o parque automobilístico galego. No ano 2016, e segundo datos da “Asociación Española de Fabricantes de Automóviles e Camións” (ANFAC), só se venderon en Galicia 55 vehículos eléctricos, representando este un aumento do 7,84% en relación o 2015, cando as vendas foron de 51 unidades. Esta tendencia atópase por debaixo da media estatal, que rexistrou un aumento para o mesmo período dun 51,48%, sendo as comunidades de Cataluña e Madrid o principal mercado para este tipo de vehículos. Concretamente, Cataluña aumentou nun 82,96% o número de matriculacións de vehículos eléctricos, chegando á cifra de 1213 unidades no ano 2016.



O sector dos coches eléctricos avanzou de forma espectacular nos últimos anos. Un dos impedimentos máis importantes que presentaban este tipo de vehículos era a súa escasa autonomía, sen embargo, agora mesmo, pódense atopar no mercado coches eléctricos cunha autonomía de máis de 500 km, o que xa o comeza a facer atractivo para o consumidor.

Un segundo problema que evita que as vendas de coches eléctricos acaben de despegar, é que na nosa Comunidade non existe unha boa rede de recarga. Agora mesmo, só se atopan dispoñibles sobre 50 puntos de recarga en toda Galicia. Isto representa un inconveniente moi importante, porque para que aumente a demanda deben habilitarse cargadores en espazos públicos, autoestradas e autovías. Cataluña, por exemplo, é a primeira Comunidade en potenciar de forma clara o número de puntos de recarga por todo o seu territorio. Ademais, tamén se debe destacar, que estas electrolineras ou puntos de recarga, deben subministrarse a partir de enerxías renovables, como xa fan países como Noruega.

Polo exposto, formulamos a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Seguir potenciando o uso dos coches eléctricos tanto en empresas como en particulares.
2. Elaborar un plan estratéxico entre os anos 2017-2020 para aumentar o número de puntos de recarga para coches eléctricos mediante enerxías renovables en toda a xeografía galega.



3. Eliminar barreiras legais, técnicas, económicas e administrativas para facilitar tanto o aumento da flota de vehículos eléctricos, como o desenvolvemento de infraestruturas de recarga.
4. Simplificar a figura do xestor de carga, para facelo máis accesible a todas as empresas e as administracións públicas ofrecer recarga eléctrica.
5. Apoiar as iniciativas de mobilidade compartida para mellorar e diversificar a oferta de transporte na cidade. (*Car2Go*)
6. Fixar nun 15% os espazos de aparcamento público mínimos ou de rotación equipados con infraestrutura de recarga normal.
7. Facilitar a preinstalación gratuíta do cable de recarga en garaxes comunitarios, de xeito que o usuario só teña que decidir a empresa enerxética.

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2017.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga,
Voceira S. do G.P. de En Marea

Asdo.: Juan José Merlo Lorenzo
Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 03/04/2017 17:50:52

Juan José Merlo Lorenzo na data 03/04/2017 17:51:16

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández** e ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos Anexos do Hospital Xeral de Vigo, foron realizados investimentos para uso sanitario con motivo do Plan Funcional que tiña previsto que o Anexo I fose destinado a un Centro de Alta Resolución. Entre eses investimentos estaba a construción na planta 0 de 2 quirófanos, un deles integrado que permitía retransmitir intervencións e seguir as mesmas en tempo real, unha central de lavado con un área de prelavado, un área de lavado con dúas lavadoras automáticas e un área de esterilizado, así como unha sala de espertar con 6 postos. Ademais, na planta 1, foron construídas 4 salas de quirófano co equipamento de lámpadas, columnas de anestesia e presións de renovación de aire individuais.

Actualmente, o Anexo I xa está en mas da Vicepresidencia da Xunta, que pretende destinar o seu uso para o aparcamento da Cidade da Xustiza en contra do sentimento común da cidadanía, a Xunta de Persoal do CHUVI, a Plataforma de SOS Sanidade e diferentes colectivos profesionais e veciñais que consideran necesario o uso sanitario non só polo investimento público realizado si non tamén pola necesidade do servizo da área sanitaria de Vigo.

Por todo o anterior, o Grupo de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei en Pleno:



O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a recuperar o Anexo I do Xeral para o uso sanitario público como Centro de Alta Resolución.

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández,
Deputada do G.P. de En Marea

Asdo.: Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 03/04/2017 19:16:11

Luis Villares Naveira na data 03/04/2017 19:16:18

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En Galicia, as urxencias médicas e as emerxencias son atendidas polo 061 e o 112 respectivamente, que prestan os seus servizos dende Santiago.

Por unha decisión que responde a unha cuestión estritamente política, como así foi recoñecido por parte do Vicepresidente da Xunta e o Conselleiro de Sanidade, ás traballadoras e traballadores de ambos servizos serán trasladados de Santiago a un novo edificio na Estrada.

Esta decisión, que non responde a ningún tipo de criterio técnico, non foi consultada co persoal afectado e resulta contraria a criterios de diferentes expertos en coordinación de emerxencias. Ademais, o persoal denuncia as carencias da nova plataforma que se queda colgada na entrada de chamadas o que condiciona a seguridade do servizo para a poboación, pois o programa que pretenden levar para a nova instalación, aínda está en fase de probas.

Por outra banda, co traslado, non só empeoran o propio servizo para a poboación, si non que afectan de xeito directo as condicións laborais do persoal que vai a ter que soportar por medio dos seus salarios os gastos do traslado e vai a ver totalmente condicionada a posibilidade de conciliación laboral e persoal.

Por todos estes feitos, En Marea realiza a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:



- Evitar o traslado do 112 para A Estrada nas condicións actuais.
- Constituír unha mesa de negociación co persoal do 112.
- Manter a central das emerxencias médicas do 061 no seu sitio actual.

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputada do G.P. de En Marea

Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 03/04/2017 19:13:24

Luis Villares Naveira na data 03/04/2017 19:13:28

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa das deputadas e deputados, **Sandra Vázquez Domínguez, Marta Rodríguez Arias, Aurelio Núñez Centeno, Encarnación Amigo Díaz, Marián García Miguez, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral e Miguel Ángel Tellado Filgueira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos:

A época do verán é unha das épocas onde mozos e mozas viaxan e empregan o tempo libre a diferentes tarefas, como monitores ou directores de campamentos.

Dende a Xunta de Galicia lévase a cabo “Campaña de Verán”. Deste xeito, Galicia segue ofrecendo aos mozos e ás súas familias un recurso de conciliación estival e de ocio educativo de primeiro nivel.

O ano 2015 Galicia acadou o seu primeiro posto a nivel estatal no programa de campos de traballo internacionais do INJUVE.

A “Campaña de Verán” conta con un programa de actividades de carácter sociocultural, recreativo, formativo e convivencial. A maiores o equipo técnico de persoal especializado en animación sociocultural e actividades de tempo libre e actividades náuticas.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia, insta á Xunta de Galicia a que durante o ano 2017 poña en marcha a “Campaña de Verán” cun incremento das prazas derivado do maior esforzo orzamentario”.

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 04/04/2017 10:35:48

Sandra Vázquez Domínguez na data 04/04/2017 10:35:56

Marta Rodríguez Arias na data 04/04/2017 10:36:06

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 04/04/2017 10:36:15

María Encarnación Amigo Díaz na data 04/04/2017 10:36:21

María Ángeles García Míguez na data 04/04/2017 10:36:28

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 04/04/2017 10:36:34

María Soraya Salorio Porral na data 04/04/2017 10:36:42

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 04/04/2017 10:36:49

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, José Manuel Pérez Seco e José Antonio Quiroga Díaz, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A situación do sector lácteo en Galicia está a facer moi difícil a sustentabilidade das explotacións. E iso, a pesar de que en España só se produce o 78 % do que se consume (declaracións obrigatorias do sector vacún de leite de maio de 2016), e que Galicia é un territorio onde, as súas condicións naturais, mostran maior disposición para esta produción. Se a esta situación de crise láctea engádese que esta se abate sobre un sector vertebrador e estabilizador dun territorio cun alto nivel de despoboamento poboacional onde o inverno demográfico está a poñer en risco a propia estabilidade territorial, apréciase máis aínda a necesidade de acometer medidas estruturais para o seu mantemento viable.

A raíz do novo escenario de liberalización do mercado imposto pola desaparición en abril de 2015 das cotas lácteas, no primeiros once meses do ano 2016 en Galicia, dun total de algo máis de 9.000 explotacións perdéronse 600 explotacións.

O prezo medio de venda en España vén descendendo desde ao ano 2013, e a pesar das medidas adoptadas pola Comisión, aínda non mostra ningunha tendencia á recuperación.

A situación do lácteo na cornixa cantábrica é algo máis ca un problema rexional. Estase ante unha verdadeira cuestión territorial de Estado. No mes de setembro de 2015 e despois de fortes presións dos gandeiros asinou o “Acordo para a sustentabilidade do sector lácteo” que segundo a ministra era absolutamente positivo e traería beneficios aos gandeiros españois.

O acordo pretendía establecer un prezo sustentable para cada elo da cadea de valor do sector lácteo, que cubrise custos para gandeiros, industria e distribución pero non deseñaron as ferramentas adecuadas para iso, como xa está claramente

Grupo Parlamentario

probado, e ao tempo o Ministerio rexeitou incluír no acordo un réxime sancionador, polo que non hai garantía de cumprimento do acordo.

O resultado do acordo está a resultar insatisfactorio, tanto para o sector lácteo en xeral como en particular para os gandeiros de Galicia.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que se dirixa ao Goberno de España e lle solicite:

1º) Incorporar garantías de cumprimento do “Acordo para a sustentabilidade do sector lácteo”, dotándoo de carácter normativo e incorporándolle un réxime sancionador.

2º) Definir uns parámetros obxectivos e avaliábeis de forma transparente e indefectible que permitan evidenciar o establecemento polos operadores dun prezo “sustentable” para cada elo da cadea de valor.

3º) Dar transparencia a esa cadea de valor publicando os prezos de cesión a que compran, industria e distribución, con periodicidade mensual e alcance xeral.

4º) Incorporar, no contrato tipo, baremos en canto a calidades iguais para todas as industrias.

5º) Crear e regular, no marco da capacidade competencial do Estado e das comunidades autónomas, a figura obrigatoria do Mediador que sirva para resolver disputas cando gandeiro e industria non cheguen a un acordo na negociación.

Pazo do Parlamento, 31 de marzo de 2017



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 04/04/2017 12:07:04

José Antonio Quiroga Díaz na data 04/04/2017 12:07:13

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 04/04/2017 12:07:24

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado-poratavoz **Xoaquín Fernández Leiceaga**, do seu deputado **Raúl Fernández Fernández** e da súa deputada **María Luisa Pierres López**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

O vial Brión-Noia, que da continuidade á autovía Santiago de Compostela-Brión, permitiu mellorar substancialmente as condicións de comunicación por estrada entre a capital de Galicia e a ría de Noia-Muros. Pero na súa curta existencia o tráfico medido nesta vía incrementouse en practicamente un 20 %, superando os 10.000 vehículos diarios -que é unha das condicións requiridas para proceder a convertelo en autovía-.

A propia mellora das comunicacións é un dos factores que impulsa o incremento do tráfico, xuntamente coa recuperación económica. O certo é que esta posibilidade estaba prevista desde o principio, pois as expropiacións de terreos incluíron xa os necesarios para proceder ao desdoblamento da vía construída, reducindo así substancialmente os prazos e o custe da conversión en autovía.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:

 Grupo Parlamentario

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a establecer un calendario que permita contar nesta lexislatura co desdobramento do VAC Brión-Noia en autovía; a estes efectos, neste exercicio 2017 procederase á contratación do proxecto de desdobramento para proceder á licitación da obra no primeiro semestre de 2018

Pazo do Parlamento, 4 de abril de 2017

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Deputado-portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 04/04/2017 12:30:09

Raúl Fernández Fernández na data 04/04/2017 12:30:14

María Luisa Pierres López na data 04/04/2017 12:30:23

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

O 30 de xuño de 2017 finaliza a prórroga da *vacatio legis* de 6 anos da Lei 20/2011, do 21 de xullo, do Rexistro Civil. Neste prazo, o Ministerio de Xustiza debía ter adaptado o rexistro civil ás novas realidades, mais non foi feito tal e como fora previsto na súa orixe en 2011. O Grupo Parlamentario Socialista entende que a materialización da reforma non pode perder de vista que o rexistro civil ha de ser público; gratuíto; preto á cidadanía; desxudicializado; coa mesma estrutura actual, tendo aos xulgados de paz como unidades colaboradoras e con novas tecnoloxías.

Un dos problemas da reforma que formula o Goberno do Estado é a supresión do rexistro civil dos xulgados de paz e a facultade que se lles dá ás comunidades autónomas para o desenvolvemento territorial organizativo, sen ter en conta a dispersión xeográfica de Galicia, a media de idade e a fenda dixital existente. Como exemplo, só na provincia de Ourense, a supresión das competencias do rexistro civil dos Xulgados de Paz afectará a un 47 % da poboación da provincia e a 84 concellos.

Porén, a aplicación informática do folio rexistral único que se pretende desenvolver no pode valer como escusa para afastar o servizo que os rexistros civís prestan á cidadanía e que, ademais, se perdan postos de traballo de persoal especializado.

Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno do Estado a que estableza unha nova *vacatio legis* da Lei 20/2011, do 21 de xullo, do Rexistro Civil, que garanta que, coa nova entrada en vigor, este se mantéña como un servizo público único, estatal, gratuíto e servido por funcionarios/as da Administración de Xustiza, de maneira que:

1. Se manteñan todas as oficinas do Rexistro Civil que existen na actualidade en Galicia.
2. Se proceda á reversión ao rexistro civil das competencias sobre os rexistros cedidas a rexistradores e notarios sobre os expedientes de nacionalidade e matrimoniais.
3. Se estableza a seguinte estrutura: unha oficina central, oficinas xerais, oficinas Delegadas dos partidos xudiciais, oficinas delegadas dos xulgados de paz e oficinas consulares.
4. Se asuma de oficio a delegación de firma.
5. Se implante unha nova aplicación informática para os rexistros civís igual para toda España.

Pazo do Parlamento, 3 de abril de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 04/04/2017 13:20:08

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 04/04/2017 13:20:13

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 04/04/2017 13:20:19

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 04/04/2017 13:20:21

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, María Dolores Toja Suárez, e do seu deputado, Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Regulamento 1224/2009, no seu artigo 15, sobre cumprimentación e transmisión electrónica dos datos do diario de pesca, establece a obrigatoriedade para os buques, con eslora superior a 12 metros, (salvo excepcións mencionadas no mesmo artigo), da utilización do dito diario. Incluíndose no artigo 17, a notificación previa, dentro das catro horas anteriores á hora estimada de chegada a porto.

As especies peláxicas, que son obxecto de pesca do cerco, adoitan vir mesturadas.

Isto fai necesaria unha selección previa á comunicación da información do preaviso de capturas, antes da entrada ao dique de porto.

Os buques vense obrigados a parar nas bocanas dos portos a facer tal selección. Isto implica un risco debido ao tráfico marítimo existente, á marusía e demais fenómenos adversos propios da nosa costa, ademais da perda de visibilidade, como consecuencia da luz da ponte do barco, que se fai precisa para o adecuado envío de datos.

Como consecuencia, xa se rexistraron varios incidentes e dous accidentes na Coruña, un deles, cun tráxico final, xa que supuxo a perda dunha vida.

Ante esta situación o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:



Grupo Parlamentario

O Parlamento galego insta o Goberno galego a demandar do Goberno central, que inicie as xestións necesarias na negociación para que os buques poidan despois de atracar a porto, facer a selección da pesca, e unha vez feita a selección, enviar o aviso de capturas.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 3 de abril de 2017

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 04/04/2017 12:18:29

Julio Torrado Quintela na data 04/04/2017 12:18:42

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 04/04/2017 12:19:01



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa da súa deputada **Luca Chao Pérez** e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en **Pleno**, relativa ao acollemento das persoas refuxiadas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Estamos asistindo a unha situación sen precedentes e ante a que é preciso que a comunidade internacional tome medidas urxentes e inmediatas e actúe en consecuencia.

A principios de 2016, por primeira vez desde a Segunda Guerra Mundial, o número de persoas desprazadas dos seus fogares como consecuencia dos conflitos, a persecución, e as violacións de Dereitos Humanos nos seus países de orixe superou os 65 millóns segundo datos de ACNUR. Unha cifra que se incrementaría si sumásemos as miles de persoas que se viron obrigadas a desprazarse por desastres naturais ou pobreza. Esta situación pon ao descuberto a incapacidade da comunidade internacional para resolver e previr conflitos e situacións de emerxencia humanitaria, así como a falta de vontade política para cumprir coas obrigas internacionais en materia de Dereitos Humanos e protección internacional.

O **pasado 22 de setembro** cumpríase un ano desde que os líderes da Unión Europea acordasen un mecanismo de recolocación de emerxencia para compartir a responsabilidade de quen solicita asilo. Con todo, decenas de miles de persoas seguen atrapadas en campos de refuxiados en condicións deplorables.

No caso de España, só se cumpriu apenas un 6% dos compromisos de recolocación, a este ritmo, tardaríanse 8 anos en cumprir ditos compromisos. É



unha vergoña que Europa non poida deixar de lado a política e resolver esta crise humanitaria compartindo equitativamente a responsabilidade dun número de persoas refuxiadas.

As cifras falan por si soas. Máis dun ano despois destes compromisos, **España acolleu a 1.141 persoas. Unha cifra moi afastada das 17.337 persoas que o Goberno se comprometeu a acoller.**

Tendo en conta o anterior, e de acordo coas demandas trasladadas a este grupo por Amnistía Internacional, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte proposición non de lei.

O Parlamento de Galicia insta o Goberno de España a:

- Axilizar de maneira significativa o proceso de traslado de persoas refuxiadas a España mediante a súa recolocación e reasentamento.
- Cumprir no prazo previsto os compromisos acordados coa UE de acoller a **17.337 persoas refuxiadas.**

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputada do G.P. de En Marea.

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 04/04/2017 13:53:34



Luis Villares Naveira na data 04/04/2017 13:53:53

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, a iniciativa dos seus deputados **Luís Villares Naveira e Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en **Pleno**, relacionada coa promesa de dar usos socio-sanitarios ás instalacións do antigo Hospital Xeral de Lugo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

En 2011 finalizou o traslado da actividade do Hospital Xeral de Lugo ao HULA. A Xunta prometeu, entón, para o barrio no que se sitúa o Xeral a instalación dun centro de saúde, desdobrar o Centro de Saúde da Milagrosa (que atende a unha poboación de 29.000 habitantes, e que se atopa saturado, cunhas instalacións obsoletas e inadecuadas e sen mantemento axeitado), un PAC e trasladar ao antigo Xeral o Laboratorio de Referencia da Sanidade Pública.

As promesas quedaron só en promesas, sen compromiso orzamentario algún para dar un uso socio-sanitario ás instalacións do antigo hospital que, cunha mínima inversión, poderían adaptarse, motivando, así, as protestas veciñais.

Co paso do tempo, as instalacións continuaron a deteriorarse e o barrio acusou unha caída de actividade comercial, e a Xunta mudou as promesas incumpridas por ocorrencias, como a instalación no antigo Xeral dun centro de investigación tecnolóxica ou como localización da comisaría, “brindes ao sol” sen respaldo técnico nin orzamentario.



Adicando o edificio do antigo Xeral a usos socio-sanitarios, dinamizaríase a economía do barrio da Residencia e configuraríase como un “barrio do benestar”, dando servizo a toda a cidade e área de Lugo, contribuíndo a un modelo de cidade para as persoas.

O traslado ás instalacións do antigo Xeral do centro de saúde da Milagrosa evitaría os graves colapsos deste ambulatorio e a apertura dun PAC con boa dotación no antigo Xeral desconxestionaría o PAC de Fingoi e as Urgencias de Lugo, estando, ademais, nunha localización excelente para toda a cidade, con boa accesibilidade.

Ademais, a existencia de infraestrutura do antigo Xeral permitiría un importante aforro na creación de novos servizos sanitarios, ao aproveitárense as instalacións e dotacións que estean en boas condicións.

A recuperación do complexo do antigo Xeral para usos socio-sanitarios contribuiría a tecer comunidade, creando un barrio vivo, con recursos para a conciliación, a saúde e o ensino, e fomentando a convivencia das persoas de todas as xeracións e a permanencia da xente no seu barrio de orixe.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Elaborar, no presente período de sesións, un cronograma e previsión de orzamentos para proceder ao desdoblamento da Atención Primaria do Centro de Saúde da Milagrosa ás instalacións do antigo Hospital Xeral.

2. Elaborar, no presente período de sesións, un cronograma e previsión de orzamentos para proceder á apertura dun PAC nas instalacións do antigo Hospital Xeral.
3. Iniciar as xestións necesarias para a instalación do Laboratorio de Referencia para a Sanidade Pública galega nas instalacións do antigo Hospital Xeral.
4. Elaborar, xunto co Concello de Lugo e os axentes sociais da cidade, contando coa veciñanza do barrio, un modelo de “barrio do benestar” para o barrio da Residencia, prevendo a dotación de prazas públicas de centro de día, residencia de curta duración e escola infantil.
5. Acometer as reformas necesarias no Centro de Saúde da Milagrosa.

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2017.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Deputado e Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 04/04/2017 17:45:13



Luis Villares Naveira na data 04/04/2017 17:45:18



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa da súa deputada **Paula Quinteiro Araújo** e do seu deputado **David Rodríguez Estévez**, a través do seu voceiro, Luís Villares Naveira, e ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector lácteo do noso país vive unha situación delicada co peche de milleiros de granxas nos últimos anos. Na súa maioría trátase de explotacións baseadas nun modelo máis responsable co medio ambiente, de carácter familiar, que crean postos de traballo e axudan a fixar poboación no rural. O final do sistema de cotas abriu unha crise que só parece beneficiar ás grandes industrias.

Unha das causas desta crise das granxas gandeiras galegas reside na competencia das grandes explotacións, ecoloxicamente menos sustentables. Unha empresa navarra proxecta instalar en Noviercas, Soria, unha megaexplotación de 20.000 vacas, sobre 900 hectáreas de terreo, o que constituiría a maior granxa de vacas de Europa, cunha produción calculada en 180 millóns de litros de leite ao ano, e unha das cinco máis grandes do mundo. Como xa denunciaron organizacións agrarias, unha macrogranxa destas características tería consecuencias negativas para o sector en Galicia, tanto no económico como no social ou no ambiental.

O Sindicato Labrego Galego sinala que esta macrogranxa producirá ela soa “o equivalente a 10% da produción total das 8.600 granxas galegas”. É dicir, implantando este modelo, 10 explotacións coma esta poderían substituír a totalidade das granxas de Galicia.



A "Coordinadora de Organizaciones de Agricultores y Ganaderos" (COAG) asegura que en canto abra a explotación de Noviercas, as 432 granxas leiteiras do seu entorno e os seus 726 empregos directos, dende Zamora a Cantabria, pasando polo País Vasco, irán á ruína ao instante.

Estase a trasladar a un modelo de produción típico de Estados Unidos ou China, pero que está prohibido noutros estados da UE, xa que, Francia, por exemplo, impide a construción de explotacións de máis de mil vacas e Estados como Holanda, reverteron este modelo agroindustrial tras apostar por el no pasado.

Este tipo de megaexplotacións conseguen consolidar un fenómeno de deslocalización da produción, concentrando nun escaso número de ganderías. De avanzar estes proxectos obrigarán a fechar explotacións lácteas, destruírán emprego e calidade de vida e incidirán na desertización do rural. Ademais, supoñen un importante risco ambiental, pois estímase que só esta granxa de Soria podería xerar arredor de dous millóns de litros de xurro ao día o que implica un grave perigo de contaminación medioambiental.

Os gobernos do País Vasco e Navarra xa amosaron a súa oposición ao proxecto, que se está levando adiante, faltando só o preceptivo informe de impacto ambiental, con bastante ausencia de transparencia.

Os pequenos e medianos gandeiros do sector lácteo galego leva anos loitando polo seu futuro, investindo en innovación tecnolóxica, mentres as administracións parecen darlle todas as facilidades a proxectos deste tipo, que o sitúan nun escenario de incerteza. Consideramos que as administracións deberían apostar por un modelo social agrario, un sistema de produción que teña como principal obxectivo a defensa da persoa, o gandeiro ou a gandeira, fronte ás sociedades de produción, o desenvolvemento social e económico do medio rural fronte aos beneficios dos inversores do IBEX.



Por estes motivos, presentamos a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta a:

1. Posicionarse en contra da construción da macrogranxa láctea en Noviercas (Soria).
2. Intervir ante o Goberno do Estado e a Junta de Castilla y León con vistas a transmitir a preocupación do sector lácteo galego ante a macrogranxa proxectada en Noviercas (Soria) e impulsar un seguimento sobre o futuro e viabilidade do proxecto.
3. Realizar unha avaliación do impacto que as megaexplotacións gandeiras poidan ter sobre as explotacións galegas.
4. Actuar para paliar as consecuencias da implantación deste modelo de concentración agroindustrial sobre as pequenas explotacións lácteas.

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2017.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Asdo.: Luís Villares Naveira

Davide Rodríguez Estévez

Voceiro do G.P. de En Marea

Deputada e deputado do G.P. de En Marea



Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 04/04/2017 18:03:31

David Rodríguez Estévez na data 04/04/2017 18:03:42

Luis Villares Naveira na data 04/04/2017 18:03:51

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado-portavoz **Xoaquín Fernández Leiceaga**, do deputado **Abel Losada Alvarez** e da deputada **Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

O 29 de marzo de este ano, o Reino Unido, convértese no primeiro estado na historia da Unión Europea que inicia os trámites para abandonar a organización, invocando o artigo 50 do Tratado de Lisboa.

Ábrese un proceso negociador entre a Unión Europea e o Reino Unido que vai ser longo, complexo e intenso. Aínda que a negociación será bilateral entre a Unión Europea e o Reino Unido, tódolos países están desenvolvendo estratexias que minimicen os impactos da saída do Reino Unido, impactos que todo parece indicar que serán negativos en moitos ámbitos da vida económica e social.

Ata o de agora a resposta do Goberno de España, vén sendo decepcionante na opinión do Grupo Parlamentario Socialista, dende as xeneralidades habituais do presidente Rajoy, ata as declaracións absolutamente incomprensibles dalgún membro do seu Goberno.

O exemplo mais evidente, pero non o único, son as palabras da secretaria de Estado de Comercio, María Luisa Poncela, que manifestou fai uns días que ten confianza en que as relacións comerciais co Reino Unido rematen nunha situación parecida á que temos actualmente cando conclúan as negociacións do “Brexit”, debe de ser a única responsable política de Europa que o pensa.

Si ao propio “Brexit”, engadimos un contexto xeopolítico que se ten alterado notablemente en 2016, debido ao repunte do proteccionismo, especialmente no propio Reino Unido e nos Estados Unidos, a situación tórnase aínda mais complexa.

No contexto dunhas reaccións do Goberno español tibias e pouco definidas; as posicións das comunidades autónomas poden influír notablemente na posición definitiva que España defenda na negociación da Unión Europea.

Grupo Parlamentario

Os ámbitos afectados serán moitos, e con diferente calado económico e social, dende o comercio exterior en xeral, ata a pesca en augas británicas e as empresas mixtas, os dereitos da cidadanía galega no Reino Unido e dos/das británicos/británicas en Galicia, as previsibles modificacións nos mecanismos de inversións recíprocas de capital, ata os cambios nos parámetros macroeconómicos pola saída dun estado cun nivel de riqueza por riba da media comunitaria.

Os derradeiros datos oficiais publicados para o ano 2015, sitúan os datos de Produto Interior Bruto “per cápita” axustado ao poder adquisitivo, nun 108 % da media europea, no caso do Reino Unido, un 90 % en España, e un 79 % en Galicia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia:

1. Reclamar ao Goberno de España que estableza mecanismos de cooperación claros e definidos coas comunidades autónomas a hora de fixar a posición española nas negociacións entre a Unión Europea e o Reino Unido para levar adiante o proceso coñecido como “Brexit”.
2. Poñer en marcha un diagnóstico transversal sobre os impactos que o “Brexit” previsiblemente terá, tanto na actividade económica de Galicia, como nos dereitos dos nosos cidadáns residentes no Reino Unido.
3. Deseñar un plan de actuación, por parte das consellerías mais directamente concernidas, *Facenda, Economía, emprego e industria; Mar e Política social*, que permita minimizar os impactos negativos esperados, tanto na economía, como no ámbito social.

Pazo do Parlamento, 3 de abril de 2017

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Deputado portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Abel Losada Alvarez
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

 Grupo Parlamentario

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 04/04/2017 19:06:04

Abel Fermín Losada Álvarez na data 04/04/2017 19:06:11

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 04/04/2017 19:06:16

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

Poñendo como escusa a “eficiencia óptima” na prestación do servizo público rexistral e a adecuación das condicións da prestación do servizo ás demandas da sociedade, o Goberno do Estado ten decidido suprimir ese servizo na nosa Comunidade Autónoma. O Real decreto 195/2017 do Ministerio de Xustiza, suprime así 9 Rexistros da Propiedade repartidos polas 4 provincias galegas, sendo Ourense a máis afectada. Todos eles quedan sen rexistrador e pasan a ser simples oficinas de recepción de documentos, sen consenso dos máis importantes neste asunto, é dicir, os concellos. A propia Comisión Executiva da Fegamp aprobou por unanimidade demandar ao Ministerio de Xustiza que manteña abertos todos os Rexistros da Propiedade que existen a día de hoxe en Galicia.

Hai outras comunidades autónomas que non van ser afectadas como Galicia, pois teñen competencias executivas en materia de nomeamento de rexistradores e no establecemento das demarcacións rexistrais, podendo determinar o número de rexistros que se han de agrupar ou crear nos seus respectivos territorios. Así, por exemplo, Andalucía pode realizar por si mesma os estudos necesarios para comprobar a súa realidade xurídica e, en función do seu resultado, modificar no seu caso as demarcacións, podendo solicitar das institucións e axentes implicados/as as estatísticas e enquisas precisas para elevar un pronunciamento ao Ministerio de Xustiza.

Galicia nin ten estas competencias executivas nin semella que o Goberno galego teña intención de pedilas; e iso que o artigo 26 do noso Estatuto de Autonomía dispón que os/as rexistradores/as da propiedade serán nomeados/as pola Comunidade Autónoma, de acordo coas leis estatais, e que a nosa Comunidade participará na fixación das demarcacións dos Rexistros da Propiedade e Mercantís para acomodalas ao que dispón o

Grupo Parlamentario

artigo 20.2 do propio Estatuto (que di que lle corresponde delimitar as demarcacións territoriais dos órganos xurisdicionais, tendo como criterios, entre outros, os límites dos tradicionais partidos xudiciais e as características xeográficas e de poboación).

Dado o que suporá para as características da nosa Comunidade Autónoma a supresión de Rexistros da Propiedade, Galicia debería poder ter as mesmas competencias que Andalucía ou Cataluña, a través da transferencia de competencias.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego solicita a Xunta de Galicia que reclame o establecemento de negociacións co Goberno do Estado para que este transfira as competencias para poder determinar o número de Rexistros da Propiedade e Mercantís que se deban agrupar ou crear no territorio de Galicia, cumprindo entón coa fidelidade, a adaptación aos límites dos tradicionais partidos xudiciais e tendo en conta as características xeográficas e de poboación que establece o Estatuto de Autonomía, do 6 de abril de 1981.

Pazo do Parlamento, 5 de abril de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo

Juan Manuel Díaz Villoslada

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 05/04/2017 10:06:38

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 05/04/2017 10:06:45

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 05/04/2017 10:06:51



 [Grupo Parlamentario](#)

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/04/2017 10:06:53

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa deputados e deputadas, Carlos López Crespo, M^a Ángeles García Míguez, Teresa Egerique Mosquera, Soraya Salorio Porral, Alberto Pazo Couñago, Marta Rodríguez Arias e Daniel Vega Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei en Pleno**.

Exposición de motivos:

A flota galega de altura e gran altura está composta por 171 buques pesqueiros que realizan a súa actividade en caladoiros de diversos océanos en campañas que adoitan prolongarse durante varios meses.

É necesario seguir traballando da man do sector para que Europa chegue a acordos con terceiros países, facendo valer os nosos argumentos científicos e prácticos sólidos para conseguir máis e mellores cotas de pesca e, ademais, que o marco regulatorio comunitario teña en conta as nosas particularidades e retos aos que nos enfrontamos, incluso fortalecendo o noso papel dentro das organizacións rexionais do mundo de organización pesqueira (OROPs).

Nesta liña, e como exemplo da importancia destes marcos regulatorios e da súa relación con Galicia, sabemos que recentemente, no mes de marzo, tivo lugar un encontro en Vigo entre axentes de control e vixilancia de cinco organizacións rexionais de ordenación pesqueira competentes sobre a pesca do atún para participar no primeiro obradoiro destinado a fomentar o intercambio de información e coñecementos entre estes membros, de xeito que se poidan establecer sinerxías. Ademais, é unha boa noticia o feito de que esta xuntanza se teña celebrado nunha cidade galega.

Somos conscientes da importancia que a nosa frota de altura debe ter para seguir afondando na busca de novas posibilidades de pesca, alén de tentar que a actividade desenvolvida pola nosa frota teña reflexo en termos de igualdade de condicións de respecto ambiental, social e económico para as doutros países que faenan nas mesmas áreas,

Por todo o dito, o Grupo Parlamentario Popular formula a **Proposición non de Lei en Pleno**:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse e a seguir traballando xunto ao Goberno do Estado para promover a adopción dos pasos pertinentes por

parte da Unión Europea no fortalecemento do papel das Organizacións Rexionais de Pesca e na consecución de maiores posibilidades de pesca ao abeiro de acordos internacionais con terceiros países”

Santiago Compostela, 5 de abril de 2.017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 05/04/2017 10:42:39

Carlos Enrique López Crespo na data 05/04/2017 10:42:59

María Ángeles García Míguez na data 05/04/2017 10:43:58

Teresa Egerique Mosquera na data 05/04/2017 10:44:08

María Soraya Salorio Porral na data 05/04/2017 10:44:26

Alberto Pazos Couñago na data 05/04/2017 10:44:37

Marta Rodríguez Arias na data 05/04/2017 10:44:51

Daniel Vega Pérez na data 05/04/2017 10:45:12



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2017 12:20
Nº Rexistro: 7622
Data envío: 05/04/2017 12:20:08.459

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á necesidade de dotar ao Porto da Guarda dunha saída sur.

A necesidade de mellorar o tráfico na Guarda e afrontar a saída sur da Guarda é unha demanda histórica. Unha saída encamiñada a solucionar os problemas de mobilidade de Concepción Arenal, vía esta que quedou inserida dentro do casco urbano, pasando de ser unha vía de comunicación ao Porto a unha das rúas con máis movemento da Guarda.

Debemos lembrar que nos 60 a rúa Concepción Arenal era unha comunicación óptima para o porto da Guarda. Cos anos, a continua urbanización de todo o recorrido, rematou por ser absorbida polo casco urbano inviabilizándoa como comunicación para os usos portuarios á que nun inicio serviu.

Dende o BNG somos conscientes que un dos sectores que xeraron traballo ao longo da historia na Guarda e que seguen a xerar é o sector pesqueiro. De xeito directo ou indirecto o porto da Guarda é un referente dentro da economía local, e como sector produtivo que temos, e non podemos permitir a súa desaparición, polo que para potenciar o seu crecemento é necesario mellorar as súas comunicacións viarias.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2017 12:20
Nº Rexistro: 7622
Data envío: 05/04/2017 12:20:08.459

Tamén debemos separar os usos pesqueiros-industriais dos usos urbanos, polo que se xustifica a creación dunha vía de comunicación na zona sur que dea valor engadido as actividades portuarias sen interferir no día a día do casco urbano, librando así da sobrecarga de tráfico, posibilitando a realización de proxectos encamiñados a devolver a rúa ao pobo.

A realización do acceso sur tamén resulta beneficioso para o resto da economía guardesa, dado que cun acceso axeitado poderemos potenciar iniciativas para a mellora de sectores como o comercio ou a restauración, e sobre todo para dar protagonismo ás persoas sobre os vehículos.

Hoxe, A Guarda conta cun documento como é o “Plan de Mobilidade da Guarda” realizado pola Deputación de Pontevedra, realizado por expertos técnicos na materia e na que se contou coa colaboración de diferentes colectivos que foron convidados a participar na súa confección amosando ás súas recomendacións que coincide nas súas conclusións coa visión que dende o BNG levamos expresando sobre o futuro da Guarda, un pobo habitábel, onde as persoas sexan o centro e todo xire ao seu redor, para iso debemos afrontar unha serie de cambios que pasan primeiramente por cambiar a mentalidade sobre o uso que facemos do casco urbano. O documento deixa claro que hai que traballar na realización do acceso sur como eixo vertebral dun novo modelo de entender o urbanismo e a mobilidade na Guarda.

Polas razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2017 12:20
Nº Rexistro: 7622
Data envío: 05/04/2017 12:20:08.459

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego, en particular a Portos de Galiza, á provisión de fondos para proceder á realización do acceso sur da Guarda, en colaboración co concello e a Deputación de Pontevedra.”

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2017

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 05/04/2017 12:12:34

Olalla Rodil Fernández na data 05/04/2017 12:12:41

Noa Presas Bergantiños na data 05/04/2017 12:12:46



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2017 12:20
Nº Rexistro: 7622

Data envío: 05/04/2017 12:20:08.459

Xose Luis Rivas Cruz na data 05/04/2017 12:12:51

Xosé Luis Bará Torres na data 05/04/2017 12:12:54

Ana Pontón Mondelo na data 05/04/2017 12:12:58



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2017 12:27
Nº Rexistro: 7627
Data envío: 05/04/2017 12:27:27.621

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Hai máis de quince anos que non se celebran eleccións agrarias que midan a representatividade das organizacións sindicais no sector.

Actualmente existen organizacións agrarias, Vg. FRUGA (Federación Rural Galega) e ORUGA (Organización Rural Galega Agroforestal) que non teñen interlocución normalizada co goberno nin nos órganos consultivos Vg. Consello Agrario Galego relacionados coa actividade agrogandeira e forestal.

O día 28 de febreiro de 2012 a Consellería do Medio Rural e do Mar, publicou a Orde pola que se convocaron as eleccións para a renovación dos órganos de goberno de determinados Consellos Reguladores do ámbito agro-alimentar.

A Federación Rural Galega – FRUGA, como federación na que se inclúen distintas asociacións profesionais dos diversos sectores da actividade agraria e gandeira, e como organización que ten entre os seus fins a defensa dos sectores produtivos agrarios da Galiza, presentou candidaturas ós consellos reguladores máis representativos do País, vendo vetadas as súas candidaturas en tres consellos reguladores. Unha vez celebradas as eleccións, FRUGA está presente en catro das cinco denominacións de orixe do viño.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2017 12:27
Nº Rexistro: 7627
Data envío: 05/04/2017 12:27:27.621

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta:

-Á Consellería de Medio Rural a que tome as medidas necesarias para que se celebren eleccións sindicais no Medio Rural á maior brevidade posible e actualizar así a representatividade nos espazos pertinentes.

-Ao Goberno galego para que a Consellería do Medio Rural, mentres tanto, recoñeza á Federación Rural Galega – FRUGA, e á Organización Rural Galega Agroforestal a tódolos efectos, como organizacións agrarias representativas, polo que debe ser garantida a súa presenza en tódolos órganos consultivos, de debate, diálogo, participación e asesoramento.”

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2017

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2017 12:27
Nº Rexistro: 7627
Data envío: 05/04/2017 12:27:27.621

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 05/04/2017 12:26:44

Noa Presas Bergantiños na data 05/04/2017 12:26:54

Olalla Rodil Fernández na data 05/04/2017 12:27:01

María Montserrat Prado Cores na data 05/04/2017 12:27:06

Xosé Luis Bará Torres na data 05/04/2017 12:27:08

Ana Pontón Mondelo na data 05/04/2017 12:27:12



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2017 16:43
Nº Rexistro: 7651
Data envío: 05/04/2017 16:43:39.974

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa a impedir o peche do centro de saúde de Soutelo de Montes.

En Soutelo de Montes, no concello de Forcarei, existe unha grande alarma e preocupación diante do posíbel peche do seu centro de saúde.

Esta alarma susténtase primeiro no feito de que no mes de xaneiro deste 2017 o concello de Forcarei asinou un convenio co Sergas para a asunción por parte deste do mantemento do centro de saúde de Forcarei, no que non se incluíu o centro de saúde de Soutelo. O segundo feito é que desde a dirección da EOXI se lle trasladou ao persoal do centro que este ten un número pequeno de cartillas e como consecuencia anuncian a perda dun facultativo e no curto prazo o máis que probábel peche do centro, procedendo a derivar @s doentes a Forcarei. A isto hai que engadir que tanto a praza de enfermería, vacante por xubilación do titular, como unha de servizos xerais se estase a cubrir de xeito temporal.

Parece ser que se quere xustificar esta medida na necesidade de implantar un novo modelo de Atención Primaria no concello de Forcarei, enmarcada na Estratexia Sergas 2020.

Unha parte moi importante da poboación á que se atende neste centro de saúde ten unha idade avanzada, moita sen vehículo propio e sen transporte público para desprazarse a Forcarei. Este centro de saúde ten un volume importante de asistencia domiciliares,



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2017 16:43
Nº Rexistro: 7651
Data envío: 05/04/2017 16:43:39.974

doentes crónic@s, con anticoagulantes,... o que supón un volume de traballo moi importante.

Aos problemas asistenciais que se derivarían do peche do centro de saúde hai que sumar o prexuízo que suporía para o tecido económico, botica, taxis, comercio, alimentación etc. que verían reducidas drasticamente a súa clientela, e polo tanto nunha parte importante veranse abocadas ao peche.

Polas razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a que garanta a continuidade do centro de saúde de Soutelo de Montes, aberto e en funcionamento de xeito permanente, e cos mesmos servizos e persoal que ten ata o de agora.”

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2017 16:43
Nº Rexistro: 7651
Data envío: 05/04/2017 16:43:39.974

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 05/04/2017 16:26:14

Noa Presas Bergantiños na data 05/04/2017 16:26:20

Olalla Rodil Fernández na data 05/04/2017 16:26:24

Xose Luis Rivas Cruz na data 05/04/2017 16:26:31

Xosé Luis Bará Torres na data 05/04/2017 16:26:35

Ana Pontón Mondelo na data 05/04/2017 16:26:38

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas, Gonzalo Trenor López, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeiras Broz, Deigo Calvo Pouso, Marta Novoa Iglesias, Daniel Varela Suanzes-Carpegna, Julia Rodríguez Barreira e Antonio Mouriño Villar, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de Motivos:

A Xunta de Galicia está tramitando actualmente a Lei de Protección e Benestar dos Animais, que ten como obxectivo loitar contra o abandono animal, erradicar todo tipo de maltrato e avanzar cara o sacrificio cero.

Considerase necesario que a tramitación deste proxecto de lei vaia acompañada dunha serie de medidas tendentes a reducir as cifras de abandono animal, por exemplo apostando pola esterilización de animais ou o apoio aos centros autorizados de recollida de animais abandonados.

Polo exposto o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte **Proposición non de Lei en Pleno**.

“O Parlamento de Galicia Insta á Xunta de Galicia a poñer en marcha axudas para o fomento de actuacións destinadas á protección e benestar dos animais de compañía”.

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 05/04/2017 17:32:14

Gonzalo Trenor López na data 05/04/2017 17:32:34

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Martín Fernández Prado na data 05/04/2017 17:32:56

Jaime Castiñeira Broz na data 05/04/2017 17:33:24

Marta Novoa Iglesias na data 05/04/2017 17:33:37

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 05/04/2017 17:34:19

Diego Calvo Pouso na data 05/04/2017 17:34:34

María Julia Rodríguez Barreira na data 05/04/2017 17:34:44

Antonio Mouriño Villar na data 05/04/2017 17:35:16

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas, Gonzalo Trenor López, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeiras Broz, Diego Calvo Pouso, Marta Novoa Iglesias, Daniel Varela Suanzes-Carpegna, Julia Rodríguez Barreira e Antonio Mouriño Villar, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de Motivos:

Galicia conta con seis parques naturais (Fragas do Eume, Baixa Limia e Serra do Xurés, Serra da Enciña da Lastra, Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán, do Invernadoiro e so Monte Aloia) e co Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

Na súa comparecencia parlamentaria a petición propia para explicar os obxectivos da Consellería para esta lexislatura, a Conselleira anunciou a elaboración e aprobación dos Plans Reitores de Uso e Xestión de todos os parques, o que concorda co defendido no programa electoral co que o Partido Popular de Galicia concorreu ás eleccións autonómicas de 2016.

En particular, o programa comprometía que *“para o ano 2017 acometerase a elaboración e aprobación dos Plans Reitores de Uso e Xestión”* dos sete parques.

O Grupo Parlamentario Popular quere ampliar ese compromiso do PPdeG coa sociedade galega ao resto dos grupos políticos, acadando un acordo político amplo para o impulso desta actuación inmediata.

Polo exposto o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte **Proposición non de Lei en Pleno**.

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a acometer neste ano a elaboración dos Plans Reitores de Uso e Xestión dos seis parques naturais cos que conta Galicia e do Parque Nacional das Illas Atlánticas”.

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 05/04/2017 18:04:44

Martín Fernández Prado na data 05/04/2017 18:05:02

Gonzalo Trenor López na data 05/04/2017 18:05:16

Jaime Castiñeira Broz na data 05/04/2017 18:05:29

Diego Calvo Pouso na data 05/04/2017 18:05:36

Marta Novoa Iglesias na data 05/04/2017 18:05:45

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 05/04/2017 18:05:59

María Julia Rodríguez Barreira na data 05/04/2017 18:06:29

Antonio Mouriño Villar na data 05/04/2017 18:06:50

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas, Gonzalo Trenor López, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeiras Broz, Diego Calvo Pouso, Marta Novoa Iglesias, Daniel Varela Suanzes-Carpegna, Julia Rodríguez Barreira, Teresa Egerique Mosquera, Marian García Míguez, Aurelio Nuñez Centeno e Antonio Mouriño Villar, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**

Exposición de Motivos:

A Xunta de Galicia aprobou en 2016 o Plan de Xestión de Risco de Inundacións para a Demarcación Galicia Costa, que supón mobilizar un importe de case 68 millóns de euros ata o ano 2021, dos cales a Xunta aportará un 70%.

Este plan debe continuar cos documentos específicos que avalíen o potencial risco de inundación dos ríos galegos, como poden ser o Ulla, Lagares, Anllóns e Eume, e a posible incidencia dos asolagamentos nos concellos polos que pasan estes ríos.

Estes documentos deben tomar como base e punto de partida os traballos do plan específico de inundación do río Umia, que están a piques de rematarse.

Polo exposto o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte **Proposición non de Lei en Pleno**:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a licitar no máis breve prazo de tempo posible os plans específicos de potencial risco de inundación nos concellos de Padrón, Vigo, Carballo e As Pontes”.

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 05/04/2017 19:17:18

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Gonzalo Trenor López na data 05/04/2017 19:17:36

Martín Fernández Prado na data 05/04/2017 19:17:50

Jaime Castiñeira Broz na data 05/04/2017 19:18:05

Diego Calvo Pouso na data 05/04/2017 19:18:22

Marta Novoa Iglesias na data 05/04/2017 19:18:31

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 05/04/2017 19:18:53

María Julia Rodríguez Barreira na data 05/04/2017 19:19:11

Teresa Egerique Mosquera na data 05/04/2017 19:19:33

María Ángeles García Míguez na data 05/04/2017 19:19:45

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 05/04/2017 19:19:52

Antonio Mouriño Villar na data 05/04/2017 19:20:00

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa das deputadas e deputados, **Cristina Romero Fernández, María Antón Vilasánchez, Moisés Blanco Paradelo, Isabel Novo Fariña, Marta Nóvoa Iglesias, Miguel Tellado Filgueira e Sandra Vázquez Domínguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A Deputación de A Coruña ten posto en marcha, pola área de Deporte, unha nova edición da Campaña de Esquí para este ano 2017.

Na propia páxina web da deputación detallase en que consiste esta campaña:

- O obxectivo desta campaña é fomentar o deporte entre os máis novos ao mesmo tempo que compartan unha aventura turística.
- Os beneficiarios desta campaña son os nenos e nenas de entre 10 e 14 anos residentes en calquera municipio da provincia.
- Un total de 500 rapaces e rapazas dos 93 concellos coruñeses participarán nunha excursión a neve distribuídos en 5 quendas diferentes e gozarán dun itinerario variado onde asistirán a clases de esquí con monitores especializados, actividades nocturnas, concursos, festa de benvida e unha entrega final de diplomas.
- As viaxes inclúen o transporte, a estadía de 5 días en Leitariegos (León), as actividades controladas con monitores, seguro, alugamento de material, remotes mecánicos e todo o gasto ocasionado polo cursos programados.

Dende o Grupo Parlamentario Popular sorpréndenos que unha Institución de Galicia como a Deputación de A Coruña non haxa optado por realizar a Campaña de Esquí na única estación de montaña que temos en Galicia, a Estación de Montaña de Cabeza de Manzaneda.

A Estación de Montaña de Cabeza de Manzaneda é a Unica estación de esquí de Galicia, situada na Provincia de Ourense a 1.800 metros de altitude, aberta todo o ano na que tamén se pode gozar do deporte e do turismo de natureza, que conta cunhas infraestruturas superiores as de Leitariegos en León.

Unha Estación de Montaña, a de Manzaneda, perfecta para desfrutar dun esquí tranquilo para nenos e nenas. Con 19 pistas de esquí alpino, un circuíto de 5 Km. de esquí de fondo e o maior snowpark da Cordilleira Cantábrica.

Por todo isto o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que se dirixa a Deputación de A Coruña para que nos seus Programas de Esquí teñan en conta a Estación de Montaña que temos en Galicia, a de Cabeza de Manzaneda”.

Santiago de Compostela, 6 de abril de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 06/04/2017 12:21:15

Cristina Isabel Romero Fernández na data 06/04/2017 12:21:25

Maria Antón Vilasánchez na data 06/04/2017 12:21:33

Moisés Blanco Paradelo na data 06/04/2017 12:21:41

María Isabel Novo Fariña na data 06/04/2017 12:21:47

Marta Novoa Iglesias na data 06/04/2017 12:21:54

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 06/04/2017 12:22:03

Sandra Vázquez Dominguez na data 06/04/2017 12:22:10

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, María Dolores Toja Suárez, e do seu deputado, Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O acordo sobre as condicións do exercicio da actividade da frota española e portuguesa nas augas de ambos países entre o Reino de España e a República Portuguesa, supón unha importante desvantaxe competitiva para a frota española, e así o vén manifestando o sector.

Por un lado, en canto a que a frota portuguesa pode traballar nas fins de semana, mentres que a galega permanece amarrada. Pero por outro lado, tampouco ambas frotas compiten nas mesmas condicións técnicas. Así, por exemplo, as embarcacións lusas poden utilizar o denominado “tren de bolos” complementario ao arrastre, pero os arrastreiros galegos teñen unhas condicións restritivas para o seu emprego.

E isto é así, aínda que os espazos de traballo e mercados son os mesmos.

En decembro vencerá o acordo entre ambos países en vigor. Polo tanto, fanse precisas reunións co sector, nas que os afectados poidan indicar e establecer os aspectos que, ao seu criterio, deben ser tidos en consideración para ser obxecto de revisión na elaboración do novo convenio.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia, insta o Goberno galego a dirixirse ao Goberno de España para solicitarlle que estableza un calendario de reunións e negociacións co sector para tratar as condicións do exercicio da actividade da frota española e portuguesa nas augas de ambos países entre o Reino de España e a República Portuguesa, con obxecto de coñecer e ter en consideración as súas achegas de cara á elaboración do novo convenio.

 Grupo Parlamentario

Pazo do Parlamento, 3 de abril de 2017

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 06/04/2017 13:54:21

Julio Torrado Quintela na data 06/04/2017 13:54:38

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 06/04/2017 13:54:48



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2017 16:30
Nº Rexistro: 7707
Data envío: 06/04/2017 16:20:40.929

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Belén Pontón Mondelo, Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa aos orzamentos xerais do Estado para 2017.

O proxecto de orzamentos do Estado supón un agravio e unha discriminación sen precedentes a Galiza que perde 442 millóns de euros en investimentos. O descenso do investimento territorializado en Galiza é o segundo máis intenso de todo o Estado termos absolutos, e o terceiro máis intenso en termos relativos.

Nunca no presente século se producirá un descenso tan intenso do investimento en Galiza, tanto en termos absolutos, cun descenso de 442,65 millóns de euros, como en termos relativos, cun descenso do 33%. É dicir, o investimento en Galiza redúcese nun terzo nun só ano. Por primeira vez en catorce anos, o investimento en Galiza é inferior aos mil millóns de euros.

Estes orzamentos son inasumíbeis como galegas e galegas e hipotecan o noso futuro. Hai importantes proxectos que dependen do goberno central e que non teñen o impulso necesario, non só en materia de infraestruturas e



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2017 16:30
Nº Rexistro: 7707
Data envío: 06/04/2017 16:20:40.929

modernización do ferrocarril, senón no medio ambiente, na rexeneración integral das rías ou a creación de emprego.

En termos xerais, os orzamentos do Estado son restritivos e consolidan os recortes. De feito, os recursos para a sanidade, educación e servizos sociais están aínda moi por debaixo dos niveis anteriores á crise. Baixa un 6,6% o gasto en desemprego co argumento de que aumenta o emprego, esquecendo a realidade da emigración, da precariedade e o feito de ter a miles de parados e paradas que xa non perciben a prestación.

Son uns orzamentos totalmente *incríbeis* en termos recaudatorios posto que prevén uns ingresos de 200.963 millóns de euros, máis que en 2007 antes da crise. E iso pese a que admite que vai caer o consumo público e privado. Fían o crecemento as exportacións e a subida de prezos.

A débeda pública ten un peso importante: o 9% do gasto vai para pagar intereses da débeda pública, 32.171 millóns de euros. Grazas á excelente xestión do PP a débeda pasou de ser o equivalente ao 35% do PIB en 2008 ao 99% do PIB en 2017.

Entre as prioridades do PP: aumenta o gasto militar, -hai que facerlle caso a Trump a aportar máis a OTAN-, e o gasto na Casa Real. Estamos convencidas que a maioría dos galegos e as galegas pensan que hai mellor destino para os seus impostos.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2017 16:30
Nº Rexistro: 7707

Data envío: 06/04/2017 16:20:40.929

Polo dito, o Grupo Parlamentar do BNG formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza acorda como resolución trasladarlle ao Congreso das e dos Deputados e ao Goberno Central o rexeitamento ao proxecto de orzamentos do Estado para 2017 polo recortazo nas inversión na Galiza e polos recortes sociais que presentan.”

Santiago de Compostela, 6 de abril de 2017

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 06/04/2017 16:19:55



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2017 16:30
Nº Rexistro: 7707
Data envío: 06/04/2017 16:20:40.929

Noa Presas Bergantiños na data 06/04/2017 16:20:01

Olalla Rodil Fernández na data 06/04/2017 16:20:06

Xose Luis Rivas Cruz na data 06/04/2017 16:20:09

María Montserrat Prado Cores na data 06/04/2017 16:20:13

Xosé Luis Bará Torres na data 06/04/2017 16:20:15

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, María Dolores Toja Suárez, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

No Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, núm. 81, do 10 de marzo de 2017, publicábase o texto aprobado da iniciativa 5105 (10/PNP-000425) do Grupo Parlamentario Popular, indicando o seguinte:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a darlle continuidade a autovía da Costa da Morte, comezando por unha primeira fase que conecte Baio e a AC-432, analizando a viabilidade debe incorporar un enlace co polígono industrial de Vimianzo, en dirección a Camariñas, avanzando este mesmo ano nos trámites necesarios para a redacción do proxecto construtivo e dispoñendo as anualidades necesarias nos orzamentos da Xunta para que esta infraestrutura sexa unha realidade na presente lexislatura”.

O 30 de marzo, deuse a coñecer por parte da Consellería de Infraestruturas, que o novo tramo da autovía sería un corredor desdoblable. As causas que motivaron a redución do proxecto son a baixa intensidade de tráfico, e o aforro orzamentario. Tamén se indicaba que a Consellería xa dispoñía do prego para licitar de maneira inmediata a redacción do proxecto construtivo.

Actualmente son moitos os corredores, e autovías que demostrándose perigosas e cun alto índice de sinistros, están a ser desdobradas, tal é o caso do corredor do Morrazo, e no seu día as do Salnés ou a Barbanza.

Foron moitas as vítimas mortais da execución de corredores e vías que, entendidas como autovías polos usuarios, deixaron patente a falla de seguridade viaria das que adolecían. Por iso non se pode entender que a intención deste goberno sexa a da execución dunha autovía que implica serios perigos de sinistros futuros.

Grupo Parlamentario

Ante esta situación o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

1º) Cumprir o o texto aprobado da iniciativa con número de rexistro 5105 (10/PNP-000425) do Grupo Parlamentario Popular, que literalmente di:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a darlle continuidade a autovía da Costa da Morte, comezando por unha primeira fase que conecte Baio e a AC- 432, analizando a viabilidade debe incorporar un enlace co polígono industrial de Vimianzo, en dirección a Camariñas, avanzando este mesmo ano nos trámites necesarios para a redacción do proxecto construtivo e dispoñendo as anualidades necesarias nos orzamentos da Xunta para que esta infraestrutura sexa unha realidade na presente lexislatura”

2º) Que a dita continuidade, de acordo co texto aprobado, sexa como autovía.

Pazo do Parlamento, 4 de abril de 2017

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 06/04/2017 16:41:34

Raúl Fernández Fernández na data 06/04/2017 16:41:49

María Luisa Pierres López na data 06/04/2017 16:41:57

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 06/04/2017 16:42:04

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados **Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela, Juan Manuel Díaz Villoslada e Luis Manuel Alvarez Martínez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

A Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, que reconece o dereito á promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas dependentes, mediante a creación dun Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia SAAD. A partir desta lei, incluíuse o ciclo de Atención a Persoas en Situación de Dependencia (TAPSD) nos institutos de FP Medio, para que formasen e preparasen a futuros coidadores e coidadoras.

A día de hoxe, estes e estas profesionais formadas e os/as futuros/as coidadores/as, non poden exercer a súa profesión: non se poden incluír nas listas de contratación da Administración pública, non son recoñecidos os seus méritos para puntuación, por non falar do intrusismo laboral.

A través do Real decreto 15/2010 de Galicia, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, tamén se desenvolve o contido curricular deste Ciclo Medio de Formación Profesional e establécense funcións e tarefas do TAPSD.

Como, por exemplo, a Asistencia Persoal, que en Galicia atópase regulada na Orde do 2 de xaneiro de 2012 publicada no DOG pola cal se desenvolve o Real decreto 15/2010, e a cal se modificou posteriormente por medio da Orde do 19 de abril de 2013, tamén publicada no DOG, e no Decreto 226/2012, do 18 de outubro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico/a en Atención

Grupo Parlamentario

a Persoas en Situación de Dependencia. Artigo 6. Relación de cualificacións e unidades de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais.

As Técnicas/os de Atención a Persoas Dependentes (TAPSD) son o resultado de 2000 horas de formación académica, das cales 410 horas son formación en centros de traballo, pero ao acudir ao mercado laboral estes e estas profesionais acceden a contratos de "xerocultor/a" ou "coidador/a" e mesmo de "peón non cualificado" por falla dun convenio sectorial específico e por lagoas lexislativas. A estes e estas profesionais resultoulles imposible anotarse nas listas de interinidade da Xunta de Galicia, non atoparon a opción de indicar a súa titulación, e esta non lles serviu para puntuar como formación adxacente para outras categorías profesionais.

É dicir, é un título que existe academicamente pero que laboralmente non está recoñecido, non se rexistra no SEPE, nin no SPEG, por falta de codificación específica a pesar do que poida parecer ao ver o rexistro de certos convenios colectivos laborais.

No exercicio do seu traballo os convenios colectivos aos que se pode acoller o/a TAPSD a falla dun propio que recoñezo a súa figura, a súa titulación e as súas funcións e aptitudes profesionais, son o XIV Convenio Colectivo xeneral de centros e servizos de atención a persoas con discapacidade, ou ben o VI Convenio Colectivo marco estatal de servizos de atención ás persoas dependentes e desenvolvemento da promoción da autonomía persoal, publicado na Resolución do 25 de abril de 2012, da Dirección Xeral de Emprego, ou ben no Convenio Colectivo do sector de residencias privadas da terceira idade da Comunidade Autónoma de Galicia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Recoñecer a Titulación de Atención a Persoas en Situación de Dependencia (TAPSD), a ser incluída a todos os efectos, na función pública galega no Grupo IV, categoría 003.

Grupo Parlamentario

2. Fomentar o recoñecemento laboral da titulación de Técnico/a de Atención a Persoas en Situación de Dependencia (TAPSD).
3. Promover a apertura de negociacións para a elaboración dun convenio colectivo para as/os técnicas/os de Atención a Persoas en Situación de Dependencia.
4. Incorporar dita titulación no Servizo Público de Emprego de Galicia cunha codificación específica.

Pazo do Parlamento, 5 de abril de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Juan Manuel Díaz Villoslada
Luis Manuel Álvarez Martínez
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 06/04/2017 17:29:25

Julio Torrado Quintela na data 06/04/2017 17:29:31

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 06/04/2017 17:29:37

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 06/04/2017 17:29:45

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 06/04/2017 17:29:51

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela, Luis Manuel Alvarez Martínez, Concepción Burgo López e Juan Manuel Díaz Villoslada**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

A escola inclusiva é un modo de concibir a educación e a función social do centro escolar, para adecuar e mellorar a resposta educativa á diversidade, recoñecéndoa e non asimilándoa. De tal forma que todo o alumnado ten o mesmo dereito a acceder a un currículo culturalmente valorado, compartido cos/coas compañeiros/compañeiras da mesma idade, opoñéndose a calquera forma de segregación.

Deste xeito, unha escola para todos e para todas é unha escola onde todos e todas teñen cabida indistintamente das súas características, dificultades e ritmos no seu proceso de aprendizaxe, partindo da premisa de que calquera alumno/alumna é educable nunha contorna ordinaria, respondendo non só ás necesidades educativas dalgúns alumnos/as, senón ás de todos os/as alumnos/as, sen discriminación de ningún tipo.

A escola debe ser un motor para crear comunidade, facilitando autonomía e interdependencia ao alumnado, mediante estratexias innovadoras que permitan o traballo educativo con todos e para todos nas aulas ordinarias. Deben pois desenvolverse redes de apoio comunitarias que colaboren co profesorado.

Varios son os factores que inflúen e condicionan o proceso de inclusión do alumnado con discapacidade nas sesións de Educación Física. Estes condicionantes pódense agrupar en cinco grandes categorías: escaseza de recursos económicos, accesibilidade, descoñecemento da poboación con discapacidade, condicionantes dos propios alumnos que presentan NEE e a infravaloración da área de Educación Física.

Grupo Parlamentario

Ademais, a carencia de formación do profesorado neste ámbito pode inducir a temores diversos como provocar lesións e ás consecuencias legais que isto poida comportar.

Neste sentido é conveniente contar dunha maneira global cos/coas fisioterapeutas, cuxa función non debe quedar reducida a realizar un traballo individualizado no centro, senón a establecer unha colaboración co profesorado de Educación Física.

Outra deficiencia detectada nos centros é a ausencia de especialista en Actividade Física Adaptada nos equipos de asesoramento psicopedagóxico ou equipos multiprofesionais.

Coa presenza regular dun especialista neste ámbito, a actitude inclusiva dos/das docentes veríase reforzada e, por tanto, aumentaría tanto a calidade docente como a seguridade do educador e educadora.

Este conxunto de condicionantes conforman unha realidade que pode dificultar significativamente a inclusión efectiva e, polo tanto, a participación activa do alumnado con necesidades educativas especiais nas sesións de Educación Física. Consecuentemente é necesario que se adopten medidas concretas para fomentar o deporte base e a práctica deportiva entre as persoas con discapacidades e tamén para atender a todo o alumnado.

Requírense especialmente medidas de tipo organizativo e curricular, axudando desta forma ao desenvolvemento profesional e a innovación educativa, dado que a asunción da diversidade na sesión de Educación Física, é un labor conxunto, na que todos os membros da comunidade escolar deben estar implicados.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Fomentar de maneira especial a materia de Educación Física no alumnado con discapacidade, e nas distintas etapas educativas:
 - a) A educación en actitudes e valores para conseguir que todo o alumnado senta acolrido, aceptado, seguro e por tanto, valorado.
 - b) A aprendizaxe cooperativa e as actividades cooperativas que

 Grupo Parlamentario

fomentan a aparición de condutas prosociais en comparación coas actividades

c) O ensino multinivel.

d) A adaptación das tarefas.

e) A compensación das limitacións en situacións competitivas.

f) Compartir o deporte adaptado ás persoas con discapacidade.

2. Establecer as pautas para que se xere a colaboración dos e das fisioterapeutas do Sergas e, co profesorado de Educación Física de maneira habitual.
3. Introducir a especialidade de Actividade Física Adaptada nos equipos de asesoramento psicopedagógico ou equipos multiprofesionais.
4. Potenciar liñas de formación do profesorado de Educación Física para mellorar as súas prácticas e metodoloxía con alumnos/as con distintas discapacidades.
5. Fomentar que se reforcen as sesións de Educación Física nas que hai alumnos/as con discapacidade con profesores de apoio.

Pazo do Parlamento, 5 de abril de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Julio Torrado Quintela

Luis Manuel Alvarez Martínez

Concepción Burgo López

Juan Manuel Díaz Villoslada

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 06/04/2017 17:41:48

Julio Torrado Quintela na data 06/04/2017 17:41:53

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 06/04/2017 17:41:58

Maria de la Concepción Burgo López na data 06/04/2017 17:42:03



 [Grupo Parlamentario](#)

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 06/04/2017 17:42:07

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 06/04/2017 17:42:13

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada María Dolores Toja Suárez, e do seu deputado, Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A política pesqueira común baséase en tres principios básicos: recoñecemento dos dereitos históricos de pesca nas augas comunitarias, o criterio de conservación dos recursos mariños e do principio de estabilidade relativo. Os totais admisibles de capturas (TAC) son límites de captura que establecido para a maioría das poboacións de peixes de interese comercial.

A Comisión está preparando propostas baseándose nas opinións de científicos dos órganos consultivos, como o CIEM e do CCTEP sobre a situación das poboacións. Os TAC para a maioría das accións son definidas por ano polo Consello de Ministros de Pesca (cada dous anos de poboacións de profundidade). Os TAC son compartidos entre os países da UE como cotas nacionais de aplicación do principio de estabilidade relativa.

A entrada na Unión Europea, do Reino Unido, Dinamarca e Irlanda condicionaron a política de pesca e, sobre todo, a posta en común de posibilidades pesca.

O principio de estabilidade relativa foi entón xustificado polas necesidades tres rexións especiais altamente dependentes da pesca: Escocia, Grenlandia e a costa de Irlanda.

Cando sexa firme o abandono do Reino Unido da Unión Europea só quedará unha das tres rexións, xa que a Grenlandia deixou a Unión Europea en 1982. O abandono da Unión Europea polo Reino Unido pode ser unha oportunidade de adaptar a política de pesca a unha realidade moi diferente que tiña en 1983. A xestión pesqueira mudouse cara a un enfoque ecosistémico que non había naquel momento, e as dependencias de pesca tamén cambiaron considerablemente.

A obriga de desembarcar todas as capturas tamén afectará ao sistema de cotas como está a traballar ata agora, e a revisión do principio de estabilidade relativa é necesaria.

Grupo Parlamentario

A retirada do Reino Unido, un dos países que máis se ten beneficiado do sistema de asignación de posibilidades de pesca co principio de estabilidade relativa podería ser a oportunidade de revisar este punto de vista e modificar o sistema de xestión por TAC e cotas, tendo en conta as novas dependencias socioeconómicas da pesca en todos os países e o seu impacto sobre esta sistema obrigatorio de desembarcar toda a pesca.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Polo todo isto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a dirixirse o Goberno central para que demande ante a Unión Europea que, nos axustes efectuados cando o Reino Unido abandone efectivamente a Unión Europea, inclúa modificar o principio de estabilidade relativa na política pesqueira común de xeito que teñan en conta a especial dependencia da pesca dos diferentes países que existen na actualidade, outros principios como a diferente produtividade e a imposición de que non haxa descartes nos totais admisibles de captura e cotas.

Pazo do Parlamento, 4 de abril de 2017

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 06/04/2017 17:47:14

Julio Torrado Quintela na data 06/04/2017 17:47:27

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 06/04/2017 17:47:38

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

O Ministerio Fiscal, órgano de relevancia constitucional e con personalidade xurídica propia, responde exclusivamente a criterios de legalidade, obxectividade, imparcialidade e independencia, polo que se deben evitar inxerencias no seu traballo. Ningún goberno debería pretender tutelalo dirixindo as súas investigacións e o senso do seu proceder.

Esta é a teoría, mais, por desgraza, a práctica é outra ben diferente: o actual ministro de Xustiza, Rafael Catalá, leva xa tres fiscais xerais do Estado (un por ano) ata que atopou a “correa de transmisión” perfecta que buscara sen éxito ao longo destes anos; tanto é así, que recentemente ten relevado a 35 titulares de órganos clave do ministerio público, algúns tan sensibles como as xefaturas da Fiscalía Anticorrupción ou da Audiencia Nacional.

Ao anterior hai que unir que o artigo 324 da Lei de axuízamento criminal establece que as dilixencias de instrución se practicarán durante o prazo máximo de 6 meses dende a data do auto de incoación do sumario ou das dilixencias previas -18 meses se fose complexa e que podería ser prorrogada por igual ou inferior prazo-, o que vai ter un efecto adverso para conquistar clarexar os feitos delitivos e aos seus responsables. Como advirte a propia asociación “Unión Progresista de Fiscais”, a lei (...) determinará a impunidade dunha boa parte deles como consecuencia do establecemento dun prazo taxado de instrución. Porque o certo é que se corre o risco de que este artigo provoque *de facto* unha amnistía para as tramas de corrupción nos xulgados.

A maiores, o Goberno esquece a insuficiencia de medios persoais e materiais dos xulgados en xeral e da Fiscalía en particular. E isto pode provocar unha

Grupo Parlamentario

amnistía para as tramas de corrupción e a impunidade dos responsables. O propio Goberno galego debería esixirlle ao Goberno do Estado o incremento efectivo dos medios materiais e humanos dos que dispón o Ministerio Fiscal, moi especialmente os da Fiscalía contra a Corrupción e a Criminalidade Organizada, e, de paso, cumprir o propio Decreto 124/2014, do 11 de setembro, en canto ao número de oficinas e á *ratio* ideal por Fiscalía.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

- 1.- O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que se cumpra o Decreto 124/2014, do 11 de setembro.
- 2.- O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que lle esixa do Goberno do Estado o incremento efectivo dos medios materiais e humanos dos que dispón o Ministerio Fiscal, moi especialmente os da Fiscalía contra a Corrupción e a Criminalidade Organizada.

Pazo do Parlamento, 6 de abril de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 06/04/2017 18:03:04

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 06/04/2017 18:03:11

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 06/04/2017 18:03:16

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 06/04/2017 18:03:18

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, José Antonio Quiroga Díaz e José Manuel Pérez Seco, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Co motivo da entrada de España na Unión Europea en 1986 iniciouse unha etapa para o rural galego marcada polas directrices que emanan desde Bruxelas e que dalgunha maneira marcan diversos aspectos produtivos.

A gandería en xeral e o sector lácteo en particular viuse sacudida polas directrices europeas que marcaron ~~desde antes da adhesión~~ o camiño a seguir e o grado de especialización do sector. O mesmo pasou con outro tipo de cabanas gandeiras como o porcino, ovino, caprino, cabalar ... etc.

O marco legal e as características produtivas quedaron baixo os parámetros europeos non só na gandería, senón tamén para tódolos aspectos da agricultura (viño, patacas, froiteiras, horta ... etc), silvicultura e medioambiente entre outros.

As ditas directrices pasaron a marcar os parámetros de produción, produtividade e mercado que provocaron unha auténtica reestruturación do sector primario galego e de todo o rural en xeral.

En contraprestación Galicia conta con importantes achegas económicas para adaptar, modernizar e viabilizar o sector primario galego.

O 29 de marzo deste ano, o Reino Unido, convértese no primeiro Estado na historia da Unión Europea que inicia os trámites para abandonar a organización, invocando o artigo 50 do Tratado de Lisboa.

Ábrese un proceso negociador entre a Unión Europea e o Reino Unido que vai ser longo, complexo e intenso. Aínda que a negociación será bilateral entre a Unión Europea e o Reino Unido, todos os países están desenvolvendo estratexias

Grupo Parlamentario

que minimicen os impactos da saída do Reino Unido, impactos que todo parece indicar que serán negativos para o sector primario galego e para o rural en xeral.

A Política Agrícola Común (PAC) entre outros cambios podería sufrir unha mingua de aproximadamente 3.600 millóns de euros como consecuencia do Brexit que fará que o orzamento comunitario global se reduza en 9.300 millóns de euros.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que se dirixa ao Goberno de España co fin de esixirlle que nas negociacións coa Unión Europea se defenda o mantemento e/ou a mellora da Política Agrícola Común para Galicia.

Pazo do Parlamento, 6 de abril de 2017

Asinado dixitalmente por:

José Antonio Quiroga Díaz na data 06/04/2017 17:59:30

Jóse Manuel Pérez Seco na data 06/04/2017 17:59:39

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 06/04/2017 17:59:54

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, María Dolores Toja Suárez, e do seu deputado, Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

En resposta escrita do 30 de xaneiro de 2015 o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e Medio Ambiente indicaba respecto das denominacións das zonas de pesca, *que non as entendía adecuadas, xa que confunden ao consumidor*.

En relación a:

- Subzona IX (Augas portuguesas) coas súas divisións *a* (Augas portuguesas este), *b* (Augas portuguesas oeste), as capturas realizadas nas costas de Galicia occidental, proceden de augas españolas e “augas portuguesas” indicaría que teñen outra orixe.
- División VIIIc (Golfo de Vizcaya Sur): Trátase do Mar Cantábrico.

O Ministerio ten enviada carta á Dirección Xeral de Pesca e Asuntos Marítimos da Comisión Europea, solicitando cambios nas traducións oficiais de determinadas subzonas e divisións, estando á espera de resposta.

Por todo isto o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que se dirixa ao Goberno do estado para que axilice as xestións necesarias para evitar confusión respecto da orixe dos produtos do mar, derivado das denominacións das zonas de pesca, que están prexudicando aos pescadores galegos.

Pazo do Parlamento, 3 de abril de 2017



Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 06/04/2017 18:28:54

Julio Torrado Quintela na data 06/04/2017 18:29:08

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 06/04/2017 18:29:30

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada **Abel Losada Alvarez, Xoaquín Fernández Leiceaga, José Manuel Pérez Seco e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

O Tribunal Supremo vén de dar a finais de marzo deste ano un prazo de tres meses ao Ministerio de Enerxía para que estableza a contía que deben devolver ás persoas consumidoras de diferentes comunidades autónomas, entre elas Galicia, as compañías eléctricas polos tributos autonómicos cobrados ao sector eléctrico.

A Lei do sector eléctrico de 1997 establecía que no caso de que as actividades ou instalacións destinadas ao subministro eléctrico foran gravadas, directa o indirectamente, con tributos propios das comunidades autónomas, ou recargos sobre tributos estatais, poderían incluír un suplemento territorial que abonarían as persoas consumidoras de esas comunidades para cubrir ese custo adicional.

En xullo de 2012 o Goberno de España aprobou un decreto-lei de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade. Entre outras cuestións, modificou a citada norma e eliminou o carácter opcional do suplemento territorial. Isto abría a porta a fixar distintos prezos por comunidades en función dos tributos autonómicos que se aplicaran ao sector.

O Goberno quixo aplicar esta medida en 2013, incluíndo nos prezos da electricidade un suplemento de 200 millóns de euros que deberían pagar aos consumidores e ás consumidoras das comunidades que contasen con estes impostos. Sen embargo, a Comisión Nacional da Enerxía recomendou desestimar a medida porque o citado decreto-lei non fora desenvolvido.

Finalmente, desestimouse incluír o suplemento territorial e a finais de 2013, na nova Lei do sector eléctrico, o Goberno volveu á redacción anterior. Pero

Grupo Parlamentario

durante cerca dun ano e medio estivo en vigor unha norma que obrigaba a repercutir na factura ao consumidor/consumidora os impostos autonómicos ás compañías eléctricas.

As empresas recorreron a decisión do Goberno de non cobrar por este concepto nas dúas ordes que regularon as tarifas de 2013. En xuño de 2014 e setembro de 2016, o Tribunal Supremo deulles a razón e condenou ao Ministerio de Industria a establecer o cobro dos suplementos territoriais. Sen embargo, a execución destes fallos xudiciais presentou novos problemas.

A finais de decembro o Tribunal Supremo apercibiu ao ministro de Enerxía para que antes do 20 de xaneiro iniciara a tramitación da orden correspondente. Así o fixo, e tamén aportou un informe sobre os problemas para executar a sentenza de 2014.

En concreto, o ministerio alegou que, para dar cumprimento ás sentencias, pediu en abril do ano 2016 ás comunidades autónomas información sobre os tributos existentes durante 2013 que gravaban actividades e instalacións destinadas ao subministro eléctrico. Pero só dispuxo de datos suficientes de Cataluña, A Rioxa, Castela-A Mancha e a Comunidade Valenciana.

O pasado 26 de xaneiro deste ano publicou no Boletín Oficial do Estado a orden esixida, que unicamente afecta a estas catro rexións. Tamén se fixeron requirimentos a outras dez comunidades, Andalucía, Aragón, Asturias, Baleares, Canarias, Cantabria, Castela e León, Extremadura, Galicia e Madrid.

A orden de xaneiro deste ano establece a forma na que os/as consumidores/consumidoras das catro comunidades autónomas ás que afecta deben pagar ás eléctricas 16,5 millóns de euros polos impostos declarados polos seus gobernos. A maior parte, 12,4, asígnanse a Castela-A Mancha, mentres que algo máis de 3,9 corresponden á Comunidade Valenciana. Pero tamén recolle que se continuará solicitando información sobre estas e outras comunidades autónomas.

Para o Goberno, só cabe devolución sobre aqueles tributos que graven actividades ou instalacións destinadas ao subministro eléctrico que foron obxecto de retribución regulada no ano 2013, polo que se limita ao transporte, distribución e produción de electricidade a partir de fontes de enerxía renovables, coxeneración e residuos con réxime primado.

Grupo Parlamentario

Pero o proceso non rematou. Trala publicación da orden en xaneiro, as eléctricas solicitaron ao Tribunal Supremo que declare que non se ten cumprido a sentenza de 2014, e que se amplíe a esixencia de devolución a tódolos tributos satisfeitos polas actividades ou instalacións destinadas ao subministro eléctrico.

Así mesmo, piden que se reingrese todo o cobrado mentres estivo en vigor o decreto-lei de 2012. Pola súa parte, a avogacía do Estado deu por cumprida a sentenza e pediu que sexa o Tribunal o que requira ás comunidades que non teñen aportado os datos solicitados.

Nun auto do pasado 10 de marzo o Tribunal Supremo considera que a sentenza de 2014 ten sido parcialmente executada e que polo tanto só cabe que as eléctricas impugnen a orden de xaneiro, polo que non deixa claro si avala o criterio do Goberno.

Ademais, da un prazo de tres meses para que o ministerio dite unha nova resolución na que fixe canto hai que esixir aos consumidores das catro comunidades afectadas inicialmente e do resto de comunidades, entre elas Galicia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que se opoña con rotundidade a que os impostos enerxéticos e ambientais establecidos pola propia Administración autonómica se inclúan nos suplementos territoriais e teñan polo tanto que ser abonados polas persoas consumidoras galegas.

Pazo do Parlamento, 7 de abril de 2017

Asdo.: Abel Losada Alvarez
José Manuel Pérez Seco
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 07/04/2017 10:05:39

Jóse Manuel Pérez Seco na data 07/04/2017 10:05:46

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 07/04/2017 10:05:53

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 07/04/2017 10:05:55

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada **Abel Losada Alvarez, Xoaquín Fernández Leiceaga, José Manuel Pérez Seco e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz, solicitan a esa Mesa a seguinte corrección de erros nos documentos con número de rexistro 7769 e 7770.

Corrección de erros

No primeiro parágrafo da exposición de motivos da proposición non de lei, onde di: “...a contía que deben devolver ás persoas consumidoras de diferentes comunidades autónomas, entre elas Galicia, as compañías eléctricas polos tributos autonómicos cobrados ao sector eléctrico.”, debe dicir: “...a contía que deben devolver as persoas consumidoras de diferentes comunidades autónomas, entre elas Galicia, ás compañías eléctricas polos tributos autonómicos cobrados ao sector eléctrico.”

Pazo do Parlamento, 7 de abril de 2017

Asdo.: Abel Losada Alvarez
José Manuel Pérez Seco
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 07/04/2017 11:47:04

Jóse Manuel Pérez Seco na data 07/04/2017 11:47:11

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 07/04/2017 11:47:17



 [Grupo Parlamentario](#)

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 07/04/2017 11:47:19

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Silvestre Balseiros Guinarte, José González Vázquez, Moisés Blanco Paradelo, Raquel Arias Rodríguez, Carlos Gómez Salgado, Encarna Amigo Díaz e Daniel Vega Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

As áreas forestais de España, supoñen máis de 27,7 millóns de hectáreas, o 54,8 % da superficie do noso país. Esta porcentaxe é aí superior á da maioría dos países europeos, coa excepción de Suecia e de Rusia, case o dobre da superficie forestal de Francia e cerca do triplo de Alemania.

No caso da nosa Comunidade Autónoma, segundo datos do Cuarto Inventario Forestal Nacional (IFN4), a superficie forestal ascende a 2.030.681,03 hectáreas o que supón máis do 7,3% da total de España.

Aproximadamente un 27% da superficie forestal de España é de titularidade pública e o resto, preto do 70 %, privada. Os datos de Galicia son moi diferentes, existindo menos dun 3% de superficie forestal de titularidade pública. A práctica totalidade dos montes galegos teñen carácter privado, xa se trate de montes de particulares, montes veciñais en man común ou montes de varas.

Outra característica do sector é a escasa rendibilidade económica da actividade forestal para os propietarios, que ademais e diante da insuficiencia de axudas públicas, asume os custos dos múltiples beneficios que os bosques proporcionan á sociedade.

En moitos casos, especialmente na nosa Comunidade Autónoma, os custos de xestión selvícola das superficies forestais fan economicamente inviable facer inversións destinadas á aproveitamento dos montes.

Esa situación, amén do envellecemento da poboación e despoboamento en xeral, fai que no caso das comunidades de montes, leve á abandono dos montes e á falta de xestión, o que se traduce en pouco tempo, na acumulación de maleza, na aparición de

pragas, e na proliferación dos incendios, o que , por outro lado, ocasiona, a necesidade de enormes gastos das administracións en medios para combatelos.

As medidas de prevención de incendios forestais, teñen, como obxectivo reducir o risco de inicio do lume, e, no seu caso, a intensidade e velocidade da súa propagación, incidindo na protección dos montes mediante actuacións de selvicultura preventiva que actúen sobre a acumulación, estrutura e distribución espacial do cumbustible forestal, incidindo, decisivamente, na facilidade de ignición e de propagación, e, en definitiva, na superficie finalmente queimada.

Unha decidida actuación en selvicultura preventiva, non solo xeraría emprego de maneira inmediata senón que evitará que moitos incendios se produciran, coa diminución dos custes de extinción que iso conleva. Sen embargo, nun monte escasamente rentable, en termos exclusivamente económicos os propietarios, maioritariamente privados, dificilmente poden asumir os custes derivados dunha selvicultura preventiva en ausencia de incentivos.

Aínda que os montes, na súa maioría non son rendibles, transfírense á totalidade dos cidadáns uns servizos que permiten a miúdo a propia supervivencia, cando non melloran, a calidade de vida da poboación. É coñecido o papel que os montes fan na regulación dos ciclos da auga, en cantidade e en calidade, mitigando as inundacións e grandes riadas cando hai exceso nas precipitacións. Tamén é evidente o papel que os montes desempeñan na loita contra a erosión, e, que impide inundacións, evitando perdas de solo.

Ultimamente, tamén se puxo de relieve a labor que os montes teñen como elementos de captura e almacenamento de CO₂, que permiten mellorar o balance e emisións do noso país e así cumprir cos obxectivos asumidos pro España trala ratificación dos acordos de París.

O artigo 65 da Lei 4/2003 de 21 de novembro, de Montes, contempla xa os incentivos polas externalidades ambientais, indicando que as administracións públicas regularán os mecanismos e as condicións para incentivar as externalidades positivas dos montes ordenados.

Aínda que sexa moi complicado calcular cal é o prezo da cada un destes servizos, iso, non debe ser motivo para o mantemento no tempo dunha situación que se demostra inxusta.



Polo tanto, podería fixarse unha taxa simbólica por metro cúbico de auga subministrada (da orde de 10 céntimos) e por litro de carburante ou o seu equivalente enerxético en gas ou carbón e os grandes operadores (compañías de abastecemento e depuración de augas para o primeiro caso, e compañías de distribución de combustibles fósiles no segundo), que se encargarían de transferir os correspondentes importes a un FONDO FORESTAL NACIONAL, xestionado polo Ministerio en concordancia coas Comunidades Autónomas.

Resulta evidente, por outro lado, que a xestión sostible promovida por este mecanismo consegue simultaneamente a agrupación de montes tan pequenos que non poden ser xestionados, consegue que os montes estean en boas condicións para afrontar un posible incendio, o que a súa vez permitiría unha diminución das inversións, a partires dos presupostos públicos, en prevención e extinción de incendios, así como unha captura do CO₂.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para:

- . Crear un FONDO FORESTAL NACIONAL, co obxecto de incentivar as externalidades positivas dos montes ordenados, cos seguintes obxectivos:
 - A compensación ós titulares de montes que cunha xestión sostible xeran servizos medioambientais dos que disfruta a sociedade en xeral.
 - A ampliación da superficie forestal que xera os devanditos servizos, ben por reforestación ou ben por implantación de xestión forestal sostible sobre masas persistentes.
 - A protección das masas forestais xeradoras de servizos ambientais fronte ós factores que as ameazan singularmente a adaptación do cambio climático.



- Potenciar o efecto sumidoiro dos nosos montes.
- . Regular o funcionamento do FONDO FORESTAL NACIONAL, que garantizará a participación das Comunidades Autónomas e establecerá a orixe das contribucións ó Fondo, máis concretamente en:
 - A porcentaxe que regulamentariamente se determine da subhasta de dereitos de emisión.
 - As taxas que deberían aboar as empresas de abastecemento e depuración de augas e as compañías de distribución de combustibles fósiles polos servizos que o monte lles presta.
- A cantidade que se asigne nos Presupostos Xerais do Estado”.

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 07/04/2017 13:34:23

Silvestre Balseiros Guinarte na data 07/04/2017 13:34:34

José González Vázquez na data 07/04/2017 13:34:41

Moisés Blanco Paradelo na data 07/04/2017 13:35:03

Raquel Arias Rodríguez na data 07/04/2017 13:35:27

Carlos Gómez Salgado na data 07/04/2017 13:35:36

María Encarnación Amigo Díaz na data 07/04/2017 13:35:45

Daniel Vega Pérez na data 07/04/2017 13:35:52

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**, relativa ao Decreto "XXX, do XXX, polo que se regula o réxime de contratación de persoal investigador laboral da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia”.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai polo menos 17 anos que se comezaron a incorporar investigadoras e investigadores ao sistema público non universitario en Galicia. Todas e todos eles, con abundante experiencia e produtividade tal como acreditaban os procesos competitivos en virtude dos que foron seleccionados, así como as avaliacións periódicas as que foron sometidos durante o seguimento da súa actividade investigadora. Esta incorporación supuxo a creación en Galicia da figura do investigador a tempo completo, unha figura xa recoñecida noutros países, pero inédita en Galicia que ata ese momento, só contaba con profesionais que compaxinaban a investigación con outras actividades como a docencia na universidade, a medicina, etc. A súa incorporación, sen embargo, non foi acompañada dunha regulación da súa integración no sistema, senón que nestes anos mantivéronse en diversas situacións, moitas delas sometidas á inestabilidade laboral.

Como intento de regularizar a situación laboral dos investigadores en Galicia xurde o proxecto de Decreto "XXX, do XXX, polo que se regula o réxime de contratación de persoal investigador laboral da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia” tramitado pola Dirección Xeral de Función Pública que leva sobre a mesa dous anos. Así, temos entre mans unha nova versión que



lamentablemente non ten en conta as múltiples alegacións que dende 2015 membros do colectivo de investigadores de Galicia fixeron ás distintas versións, toda vez que entendían que este instrumento non ía máis que complicar a súa tarefa investigadora e profundar na precariedade do sector. É dicir, que non resolve o problema senón que o fixa e agráva, sobre todo en seis puntos esenciais:

1. Porque exclúe a posibilidade de que haxa investigadores estables na nosa Comunidade, o que introduce unha discriminación negativa contra esa profesión. É dicir, que o borrador presentado mantén o problema fundamental no seu artigo 6: os contratos son por 5 anos e asociados a un proxecto específico de investigación, deixando aberta a porta ás renovacións pero condicionadas a que o proxecto de investigación teña unha duración maior ou a que se concedan prórrogas. Un artigo que resulta contrario á dignidade da profesión investigadora, á finalidade de fomentar a investigación, e á normativa xurídica que defende a estabilidade laboral. Se este Decreto segue adiante, os investigadores e investigadoras que xa levan ata 17 anos traballando na Administración Pública perderán os seus postos ou, no mellor dos casos, seguirán sendo sempre traballadores temporais.

A temporalidade indefinida leva desvantaxes non só persoais de inseguridade e ansiedade, senón tamén de participación en procesos administrativos, financeiros e sociais incluíndo os propios do traballo investigador. Neste último apartado, convén lembrar que na práctica totalidade das convocatorias públicas nacionais e europeas de proxectos de investigación e de axudas para a contratación de persoal requírese que a relación da investigadora ou investigador principal sexa permanente ou se estenda ata a finalización do proxecto ou do contrato de persoal solicitados. Resulta evidente, ademais, que a inestabilidade das investigadoras e investigadores é incompatible coa realización de proxectos ambiciosos. É dicir, o decreto reclama aos investigadores e investigadoras que cheguen a un nivel de excelencia que o mesmo decreto obstaculiza.

Ademais, no artigo 7 establécense as condicións **de extinción do contrato**:

“Os contratos realizados baixo algunha das modalidades anteriormente indicadas poderán extinguirse por desistencia do órgano de contratación, por dimisión do persoal investigador, ou como consecuencia dunha avaliación negativa da actividade investigadora, segundo o disposto no artigo 26 do presente Decreto. Así mesmo, os contratos poderán extinguirse polas causas recollidas no Estatuto dos Traballadores.”

Isto supón que a estabilidade do persoal investigador vai estar supeditada á dispoñibilidade orzamentaria do organismo contratante, así como ás avaliacións propias, establecidas no artigo 26 con criterios arbitrarios e pouco definidos, marcados pola propia parte contratante e non por axencias externas ocupadas deste tipo de avaliacións. A esixencia continua de avaliacións vai precisamente nesa mesma liña de aumentar a inestabilidade, unha esixencia que resulta incompatible coa realización de proxectos ambiciosos e mesmo cos requisitos legais das convocatorias públicas que esixen que o contrato do investigador ou investigadora principal teña unha duración superior á duración do proxecto. É imposible que as avaliacións anuais acheguen información de interese posto que a labor investigadora non acostuma rexistrar resultados en prazos tan curtos. O borrador fala, ademais, de avaliacións propias, que desoen a labor de avaliación continuada que xa realizan os organismos competentes como a ANECA ou ACSUG, e fixando unha serie de criterios pouco claros.

2. Porque dificulta a capacidade de atracción e retención de talento en todas as áreas de investigación fora do marco da Universidade. Galicia necesita talento, pero unha parte importante está a irse ao estranxeiro; ademais, non se atrae talento foráneo, nin se retén o formado aquí. Este Decreto, ao fixar a situación a inestabilidade laboral, fai moi pouco atractivo o sector público galego.



3. Porque obstaculiza captar recursos e persoal, imprescindibles para o traballo dos investigadores. A investigación necesita captar recursos en procesos competitivos para desenvolver os proxectos. Estes recursos proveñen de Fundacións e de Axencias de promoción da investigación europeas, nacionais e autonómicas. A maioría destas axudas esixen, lóxicamente, que o investigador e investigadora solicitante teña unha estabilidade laboral de duración igual ou maior á do proxecto. O mesmo ocorre coas axudas para contratar investigadores en formación e persoal técnico de apoio. Estes dous grupos de traballadores son membros fundamentais dos equipos de investigación. Por tanto, a permanente temporalidade proposta no Decreto obstaculiza o desenvolvemento do traballo investigador.

4. Porque frea a capacidade de Galicia para avanzar, innovar e reverter beneficios á sociedade. Moitos países teñen unha tradición investigadora e innovadora que falta en Galicia. Con todo, quizais non sexa demasiado tarde se se aposta pola investigación cun compromiso sincero. O proxecto de Decreto, por desgraza, non contribúe a levar a Galicia a unha posición competitiva na sociedade moderna que depende da tecnoloxía e do coñecemento.

5. O decreto abusa do termo investigador distinguido. A finalidade desta figura é a de captar investigadores de renome a cambio dun salario e unhas condicións de traballo e outros beneficios por encima dos que corresponden a un membro ordinario do persoal de investigadores. É esa excepcionalidade, a que xustifica a temporalidade do contrato, de forma similar aos contratos de alta dirección, na Lei da Ciencia. Transformar esa figura nun mecanismo para contratar investigadores ordinarios privándoos dos seus dereitos é un abuso.

6. O decreto esquece a necesidade de contar con persoal técnico de apoio ás investigacións.

En definitiva, o borrador do decreto non vai mellorar a calidade da investigación que se fai neste país, todo o contrario, toda vez que se consolida a precariedade



laboral de investigadores e investigadoras que vén limitado o seu dereito a un emprego estable e duradeiro.

Por estes motivos, o grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a:

1. Paralizar o proxecto de decreto.
2. Abrir unha mesa de diálogo cos colectivos de investigadores e investigadoras afectadas para recoller as súas demandas.
3. Apostar por unha estratexia que inclúa a presenza de postos permanentes de investigadores nas institucións galegas que o requiren.
4. Establecer na nova versión do Decreto, unha vez revisado, como se vai a producir a estabilización dos investigadores que xa se atopan traballando de forma permanente na Administración Pública Galega.

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Ánxeles Cuña Bóveda

Voceiro do G.P de En Marea

Deputadas do G.P de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 07/04/2017 14:30:33



María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 07/04/2017 14:30:42

Luis Villares Naveira na data 07/04/2017 14:30:52

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Miguel Tellado Filgueira**, **Moisés Blanco Paradelo**, **María Antón Vilasánchez**, **Isabel Novo Fariña**, **Marta Nóvoa Iglesias**, **Cristina Romero Fernández**, e **Sandra Vázquez Domínguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O tamaño dos grandes buques mercantes impresiona tanto como os seus números. Con tamaños que xa alcanzan nas súas versións máis modernas ata os 400 metros de longo, os seus niveis de contaminación non lle van á zaga en grandiosidade: un só destes barcos pode emitir nun ano o equivalente a 50 millóns de coches en óxido de xofre (SOx). Dito doutro xeito, 16 destes barcos emiten tanto SOx como todo o parque automobilístico mundial, cifrado en 800 millóns de vehículos. O problema é que hai centenaes de barcos faenando ao longo de todo o planeta.

Neste contexto, a industria marítima leva tempo buscando alternativas ao uso do cru e os seus derivados como fonte de enerxía sustentable. Con todo, o gas natural licuado (GNL) eríxese como a mellor opción, por que a diferenza do resto, ten décadas de investigación detrás, é segura e a súa implantación non require de grandes investimentos en equipos, infraestruturas ou motores. Ademais, ten custos competitivos respecto das alternativas baseadas en derivados do petróleo.

A Comisión Europea seleccionou o proxecto 'CORE LNGas hive' para impulsar o uso do GNL como combustible habitual no transporte marítimo. A iniciativa benefíciase por tanto das axudas do mecanismo 'Conectar Europa' para o desenvolvemento da Rede Transeuropea de Transporte, e recibirá fondos europeos por valor de 16,65 millóns de euros.

“CORE LNGas hive”, cuxo investimento total é de 33,3 millóns de euros, está promovido por Portos do Estado e coordinado por Enagás, conta con 42 socios de España e Portugal. Ata 2020, o obxectivo é desenvolver unha cadea loxística integrada, segura e eficiente na Península Ibérica para a subministración do gas natural licuado como combustible no sector transporte, especialmente o marítimo.

Neste contexto xorde en 2013 o proxecto “Hub de GNL no Noroeste da Península Ibérica”, promovido pola Xunta de Galicia, a Universidade de Santiago de Compostela, a Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao , Navantia e Reganosa. Está apoiado e financiado pola Comisión Europea no marco do programa TEN-T.

Na actualidade Reganosa xa conta co deseño dos medios, infraestruturas e procedementos necesarios para subministrar GNL como combustible tanto a buques que naveguen polo corredor Atlántico, como a plantas satélites nos portos e costas próximas.

Por tanto o obxectivo é o establecemento dun hub de GNL no Noroeste da Península Ibérica para contribuír ao desenvolvemento dun transporte sustentable e eficiente a través do uso de GNL como combustible, que sen dúbida contribuírá á mellora ambiental e económica en Europa do transporte.

Por todo iso é polo que o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia, insta á Xunta de Galicia a planificar actuacións que favorezan o impulso dun Hub de GNL e que Reganosa adapte as súas infraestruturas e despregue as instalacións que fosen necesarias para conseguir o desenvolvemento loxístico e comercial que permita aos portos galegos prestar servizos de abastecemento small scale e bunkering de GNL”.

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 07/04/2017 14:48:33

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 07/04/2017 14:48:42

Moisés Blanco Paradelo na data 07/04/2017 14:48:49

Maria Antón Vilasánchez na data 07/04/2017 14:48:56

María Isabel Novo Fariña na data 07/04/2017 14:49:04

Marta Novoa Iglesias na data 07/04/2017 14:49:11

Cristina Isabel Romero Fernández na data 07/04/2017 14:49:19

Sandra Vázquez Domínguez na data 07/04/2017 14:49:26

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados Juan Manuel Díaz Villoslada e Abel Losada Álvarez, e das súas deputadas, Patricia Vilán Lorenzo e María Concepción Burgo López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

No mes de marzo de 2016 a Consellería de Facenda iniciou a tramitación do proxecto de *Decreto polo que se regula o réxime de contratación de persoal investigador laboral da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia*.

Na Proposición non de lei presentada polo Grupo Parlamentario Popular na sesión plenaria do pasado 24 de xaneiro deste ano, na que se insta á Xunta de Galicia a aprobar este decreto, sinálase que a finalidade desta norma é dotar a nosa Comunidade Autónoma dun marco normativo que recolla a importancia que ten o capital humano con maior formación de cara ao progreso e á mellora da calidade de vida dos cidadáns e teña en conta as reiteradas demandas dos membros do colectivo de científicos españois no estranxeiro e doutros colectivos sensibles ás devanditas demandas. Continúa sinalando aquela proposición que Galicia non pode permanecer impasible ante o déficit de persoal altamente formado en tarefas de I+D+i e TT ... en aras de acadar un crecemento intelixente, sostible e integrador ...

Non obstante, precisamente colectivos de investigadores que veñen prestando servizos con diferentes problemáticas laborais en centros de investigación dependentes da Xunta de Galicia teñen presentado alegacións e mostrado as súas queixas a respecto deste proxecto de decreto.

O colectivo de investigadores observa que o proxecto é incompatible precisamente co desenvolvemento da carreira investigadora e cos obxectivos propostos nas avaliacións que definirían a renovación de contratos. Denuncian que esta norma excluiría a posibilidade de que a nosa Comunidade puidera contar con investigadores estables, dificultando así a capacidade de atracción e retención de talento en todas as áreas de investigación alleas á Universidades. En definitiva, subliñan, o decreto, na súa actual redacción, frea a capacidade de Galicia para avanzar, innovar e reverter os beneficios da investigación á sociedade.

Grupo Parlamentario

A falta de previsións sobre o persoal de apoio á investigación, a non clarificación entre os supostos de axudas concedidas por outras institucións respecto dos proxectos financiados con fondos propios, a falta de referencias nos contratos predoutorais á realización da tese e, polo tanto, a súa imbricación coas universidades, ou esquecer a traxectoria seguida pola propia Xunta de Galicia con relación aos investigadores contratados con cargo a programas como Ángeles Alvariño, Parga Pondal ou Manuel Colmeiro, son eivas graves que esixen reconducir e revisar o devandito proxecto de decreto con urxencia.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a revisar con carácter urxente os termos do proxecto de *Decreto polo que se regula o réxime de contratación de persoal investigador laboral da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia*, de xeito que se poidan ter en conta as principais inxedanzas do colectivo de investigadores.

Pazo do Parlamento, 7 de abril de 2017

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 07/04/2017 16:53:21

Abel Fermín Losada Álvarez na data 07/04/2017 16:53:37

Patricia Vilán Lorenzo na data 07/04/2017 16:53:47

Maria de la Concepción Burgo López na data 07/04/2017 16:53:55

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 07/04/2017 16:54:07



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2017 10:52
Nº Rexistro: 7812
Data envío: 10/04/2017 10:52:57.198

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

O dereito á información e o seu acceso efectivo por parte da cidadanía é unha condición indispensábel do punto de vista democrático. A prensa escrita e as publicacións periódicas son un dos soportes de maior importancia na difusión social da información. É por iso a súa distribución comercial ten implicacións que van moi alén do plano estritamente mercantil, ao incidir, polo anterior, no exercicio efectivo dun dereito fundamental recollido expresamente no ordenamento legal vixente.

A distribución de prensa implica fundamentalmente a tres operadores: as empresas editoriais, as empresas de distribución e o tecido comercial. Salienta neste último a importancia do sector dos vendedores e vendedoras de prensa e quioscos. En Galiza hai arestora 2.600 puntos de venda de prensa. Porén, este sector padece desde hai anos as consecuencias dun modelo de distribución desregulado de feito, e no que se producen prácticas obxectivamente monopolistas por parte das empresas distribuidoras. Unha situación que compromete a viabilidade económica do sector e que produce que cada ano se fechen unha media de 100 quioscos no noso país.

O conflito entre puntos de venda e industria distribuidora de prensa ten causa en que a súa relación comercial está marcada por unha dinámica de dominación por parte das grandes empresas distribuidoras.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2017 10:52
Nº Rexistro: 7812
Data envío: 10/04/2017 10:52:57.198

Este ámbito carece de regulación efectiva, dado que a Orde Ministerial de 22 de abril de 1972 fica tacitamente derogada, tanto pola entrada en vigor da Constitución española de 1978, como por un informe da estatal Dirección Xeral de Traballo de 1980. A ausencia dun marco regulador efectivo é tamén reiteradamente recollida nas resolucións do Tribunal de Defensa da Competencia. Unha carencia que permite que as empresas editoras, e de maneira especial as distribuidoras, poidan exercer abuso da súa posición de dominio no sector, en prexuízo dos intereses dos e das vendedoras de prensa.

Un abuso de posición de dominio, que constitúe na práctica un monopolio privado, que se materializa na moi frecuente ausencia de contrato entre a industria distribuidora e os puntos de venda, sometendo esta relación comercial á imposición de modificacións arbitrarias que teñen de ser aceptadas forzosamente polos vendedores e vendedoras baixo a ameaza de lles cortar o subministro. Outra das características máis graves do vixente modelo é a imposición de fianzas abusivas para iniciar a relación comercial coas distribuidoras. Engádesse tamén a mudanza, unilateral, dos prazos de devolución dos exemplares non vendido, a non atención das incidencias e reclamacións ou a utilización tácita dos puntos de venda como almacéns ao servizo das distribuidoras. Un dos elementos que definen con claridade a asimetría nesta relación comercial, entre distribuidor e vendedor, é que sexa os últimos quen teñan de asumir os custes de transporte dos produtos.

O feito de que as empresas distribuidoras operen en base á exclusividade, tanto no que atinxe ás publicacións que distribúen como ao ámbito territorial, impide que os puntos de venda poidan optar por outra empresa, definindo unha clara situación de monopolio privado.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2017 10:52
Nº Rexistro: 7812
Data envío: 10/04/2017 10:52:57.198

Por parte dos e das vendedoras de prensa tense reclamado de maneira reiterada que desde o ámbito lexislativo se actúe para definir un marco regulador para o sector.

Polo anteriormente exposto, o grupo parlamentar do Bloque Nacionalista Galego formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en pleno.

“O Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a que demande do goberno do estado a regulación da relación comercial entre empresas editoras, empresas distribuidoras e vendedores/as de prensa escrita e revistas, atendendo as súas particularidades, co obxectivo de resolver a situación descrita anteriormente, poñendo fin á conflitividade derivada do abuso de posicións de dominio e prácticas de tipo monopolista que se producen no sector”.

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2017

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2017 10:52
Nº Rexistro: 7812
Data envío: 10/04/2017 10:52:57.198

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 10/04/2017 10:47:21

María Montserrat Prado Cores na data 10/04/2017 10:47:24

Ana Pontón Mondelo na data 10/04/2017 10:47:27

Xose Luis Rivas Cruz na data 10/04/2017 10:47:29

Olalla Rodil Fernández na data 10/04/2017 10:47:32

Xosé Luis Bará Torres na data 10/04/2017 10:47:34

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, María Dolores Toja Suárez, e do seu deputado, Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte
Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Exposición de motivos

A Secretaría Xeral de Pesca anunciou o día 4 de abril o peche provisional e precautorio da pesqueira de xarda para as artes distintas de arrastre e cerco da provincia de Pontevedra, cando a apertura da mesma se fixo a finais de marzo. Este peche entraría en vigor, antes de cumprirse as 24 horas do seu anuncio.

Hai que ter en conta, que unhas 40 embarcacións se viron afectadas, de modo que tiveron que regresar do Cantábrico tras pescar, no mellor dos casos unicamente cinco días.

Para estes desprazamentos foi preciso facer contratacións ou investimentos, como pode ser o combustible. Pero é preciso ter en conta, que a actividade pesqueira non deixa de ser unha actividade empresarial. E, como en toda actividade empresarial faise precisa certa planificación. Sobre a base desta, pódense facer, precisamente estes investimentos, contratacións, etc.

Hai que ter en conta que na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, na súa sesión do 29 de decembro de 2016 aprobouse sen modificacións, por 9 votos a favor e 3 en contra, a iniciativa con número de rexistro 743 sobre peches precautorios ou definitivos das distintas pescarías reguladas no Plan de xestión do caladoiro nacional do Cantábrico e noroeste.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:

 Grupo Parlamentario

“O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a adoptar as medidas precisas para facer efectivo o acordo da Comisión 8ª (Pesca e Marisqueo) do Parlamento de Galicia, na súa sesión do día 29 de decembro de 2016, co seguinte contido:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno central para que asuma o compromiso de comunicar as resolucións sobre peches precautorios ou definitivos das distintas pescarías reguladas no plan de xestión do caladoiro nacional do Cantábrico e noroeste, como mínimo con 48 horas de antelación á data e horario en que teñan efectividade e sempre antes das 15.00 horas, para facilitar ás federacións de confrarías o traslado delas aos profesionais do mar e/ou aos buques afectados.”
.”

Pazo do Parlamento, 11 de abril de 2017

Asdo.: María Dolores Toja Suárez,
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 10/04/2017 12:22:03

Julio Torrado Quintela na data 10/04/2017 12:22:17

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 10/04/2017 12:22:22

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **María Luisa Pierres López, María Dolores Toja Suárez, Abel Losada Alvarez, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Patricia Vilán Lorenzo e Juan Manuel Díaz Villoslada**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

O orzamento do Estado dirixido ao programa específico de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes mantense en 19,7 millóns de euros, a mesma cantidade que no 2016.

Para 2017 se suprimiron as transferencias específicas a entidades locais para desenrolar programas de formación e fomento do emprego feminino e aumenta o diñeiro destinado aos programas para incentivar os plans de igualdade nas pequenas e medianas empresas ata situarse en 1,2 millóns de euros. En 2016 se presupostaron 900.000 euros, pero a partida foi suspendida como consecuencia dos recortes de Facenda, que provocaron tamén a cancelación doutras dúas liñas de financiamento para igualdade.

O Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, está altamente preocupado pola falla de coherencia que amosa o Goberno, entre as declaracións públicas en pro da loita pola igualdade e a realidade do presupostado para poñer en marcha as políticas que presume defender.

Nun momento no que a crise azotou de forma irremediable aos pasos dados en anos anteriores en pro dos dereitos laborais das mulleres, da conciliación familiar, da corresponsabilidade, véñse a constatar que non só non se consegue avanzar, senón que se está a retrasar de xeito consciente a posta en marcha de todas estas medidas.

De nada serven as ponencias de igualdade, de violencia de xénero, se todas as medidas que se formulan levar a cabo acaban soamente reflectidas en papeis. Sen orzamentos que as acompañen, son palabras, nada máis.

Seguen a ser as mulleres as que gozan maioritariamente dos permisos de maternidade. Elas as que seguen a pór en perigo as súas carreiras profesionais facendo uso (nun 92 %) das excedencias laborais por coidado de menores. Elas as que son preguntadas no traballo polas súas expectativas maternais. Elas as que son gravadas con salarios inferiores aos dos homes no desenvolvemento de traballos de igual categoría profesional.

Non existe, probablemente, un feito de discriminación de carácter global e mundial que afecte a máis persoas como é o colectivo das mulleres, o 50 % da poboación mundial. Neste senso a Comisión sobre a condición xurídica e social da muller lembraba a semana pasada que as "barreiras estruturais" seguen lastrando a metade do planeta, con as consecuencias que elo conleva para o desenvolvemento persoal das mulleres e da sociedade no seu conxunto.

Ao ritmo actual, levaría 170 anos lograr a igualdade económica entre homes e mulleres, segundo o último informe do Foro Económico Mundial sobre brechas entre os dous sexos.

Este dato tan demoledor ponnos ante un problema cun carácter de extrema urxencia. E o coñecemento do estancamento no apoio orzamentario do estado para este ano 2017 á Igualdade constata que o noso país non contribuírá ao rebaixe deses 170 anos nin á posta en práctica de moitas das medidas de apoio anunciadas.

Falar dun incremento de 350.000 € no apoio á implantación dos plans de igualdade nas pequenas e medianas empresas en todo o ámbito español, é falar dunha contribución absolutamente ridícula. Nun país que conta con 1,2 millóns de empresas pequenas e medianas falar de axudas deste tipo de contías e falar dunha incidencia de apenas 1€ por empresa.

Grupo Parlamentario

A gravidade deste feito leva a que o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presente a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Que reclame, con carácter de urxencia, que o Goberno de España arbitre as medidas necesarias para incrementar o orzamento previsto para a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres para este ano 2017.
2. Que promova, co fin de contrarrestar o déficit de incremento de apoio ás políticas de igualdade por parte do Estado, medidas específicas que permitan que as mulleres galegas non se vexan estancadas na súa loita pola igualdade de oportunidades.

Pazo do Parlamento, 7 de abril de 2017

Asdo.: María Luisa Pierres López
María Dolores Toja Suárez
Abel Losada Alvarez
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 10/04/2017 12:45:02

 Grupo Parlamentario

María Dolores Toja Suárez na data 10/04/2017 12:45:07

Abel Fermín Losada Álvarez na data 10/04/2017 12:45:15

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 10/04/2017 12:45:20

Patricia Vilán Lorenzo na data 10/04/2017 12:45:22

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 10/04/2017 12:45:26

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 10/04/2017 12:45:31

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Noela Blanco Rodríguez** e **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

Toda a lexislación tanto a nivel estatal como a autonómica establece a primacía das medidas de alternativa familiar para todas aquelas persoas menores que se atopan en situación de desprotección.

A nivel estatal, a actual *Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia*, establece que nas actuacións de protección dos menores deben primar as medidas familiares fronte ás residenciais, as estables fronte ás temporais, e as consensuadas fronte ás impostas. Igualmente establece no artigo 21.3 que “co fin de favorecer que a vida do ou da menor desenvólvese nunha contorna familiar, prevalecerá a medida de acollemento familiar sobre a de acollemento residencial para calquera menor, especialmente para menores de seis anos.

Non se acordará o acollemento residencial para menores de tres anos salvo en supostos de imposibilidade, debidamente acreditada, de adoptar nese momento a medida de acollemento familiar ou cando esta medida non conveña ao interese superior do ou da menor. Esta limitación para acordar o acollemento residencial aplicarase tamén aos e ás menores de seis anos no prazo máis breve posible. En todo caso, e con carácter xeral, o acollemento residencial destes ou destas menores non terá unha duración superior a tres meses”. Así mesmo, o *Código Civil, no artigo 173 bis*, tras a modificación realizada pola mencionada lei, redefine as modalidades de acollemento familiar en función da súa duración e obxectivos.

Na nosa comunidade, con arranxo ao disposto nos *artigos 15.1 e 16.2 da Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia*, e en aplicación dos principios reitores da actuación dos poderes públicos no exercicio das funcións de atención e protección á infancia e a adolescencia, para a

adopción da medida de acollemento especifícase que se dará prioridade á utilización do acollemento familiar sobre o residencial.

No que atinxe aos acollementos familiares, de xeito adicional á normativa vixente, a Consellería de Política Social está a aplicar a *Circular nº 5/2010, de data 25 de xuño de 2010*, e a *Instrución do 8 de marzo de 2012, sobre o pago dos acollementos familiares*.

Existe unha diferenza na retribución dos acollementos en función de se é realizado pola familia extensa ou é un acollemento en familia allea, supoñendo isto unha clara discriminación da familia extensa con referencia a outros tipos de acollementos.

A compensación económica que se abona ás familias acolledoras é de 600 euros/mes por cada menor acollido menor dun ano, 400 euros/mes por cada menor entre 1 e 3 anos, e de 240 euros/mes por menor entre 4 e 18 anos. No caso de familia extensa, estas cantidades se modulan en función dos ingresos da familia acolledora e do número de menores acollidos. A administración, para determinar se unha familia extensa ten ou non dereito á remuneración ten en conta o número de menores a acoller.

É dicir, o límite de ingresos aplícase progresivamente en función dos menores que pasan a formar parte da unidade familiar. Así, é posible que unha familia non teña dereito a unha remuneración se acolle a un só menor, pero si se acolle ao segundo. Hai ademais unha incompatibilidade entre as distintas axudas que perciben, como por exemplo, as pensións non contributivas.

Por outra banda, respecto dos gastos puntuais, a *Circular 1/2013, do 21 de maio de 2013* regula o procedemento para a solicitude e xustificación de cobertura daqueles gastos, derivados da atención de menores que están baixo o sistema público de protección, que excedan dos deberes que corresponden aos titulares da garda dos ou das menores e non estean cubertos por outro programa ou sistema público. No apartado 3 desta circular establécense como beneficiarios/as destes posibles gastos extraordinarios as e os menores tutelados en acollemento familiar, en familia extensa ou allea. A pesares do cal as familias acolledoras seguen sen poder dispor en todo momento de axudas da administración para poder

Grupo Parlamentario

facер fronte a determinados gastos que non están cubertos: gastos odontolóxicos ou oftalmolóxicos, desprazamentos regulares a puntos de encontro para realizar visitas cos proxenitores, clases de reforzo en nenos/nenas con problemas de aprendizaxe, excursións ou viaxes de fin de curso de certa contía ...

